

A l b e l a

REVISTA CULTURAL DE APELÓN EDUCACIÓN

Un escravo “turco”
liberado da cadea
por un veciño de Rilo

BERNARDO MÁIZ

Loli Santalla

VERO RILO

Os americanos
de Mugaros

XURXO FERNÁNDEZ

A sociedade de
amigos da paisaxe
galega do Seixo

JORGE GÓMEZ RODRÍGUEZ

Crónica sobre os
faluchos mugardeses
e seus naufraxios
1830-1916

FERNANDO PATRICIO

O noso patrimonio.
“Os lavadoiros”

JUAN FERNÁNDEZ

Un percorrido pola
Mugaros romana

MARÍA JOSÉ LOIRA

Suxestións
lectoras

APELÓN EDUCACIÓN



SUMARIO ■

Albela

Dirección:

Gabriela Sánchez Cortizas

Comité de redacción:

Gabriela Sánchez Cortizas

Javier García Dieste

Juan Fernández Ameneiro

Coordinación

Javier García Dieste

Maquetación e deseño

Lorena Gómez Díaz

Ilustración da portada

Lorena Gómez Díaz

1	Editorial	Pág. 04
2	Poesías	Pág. 05
3	Actividades anuais	Pág. 06




1752. Un Escravo "turco" liberado da cadea por un veciño de Rilo Pág. 12



Os americanos de Mugarodos

Pág. 16



Crónica sobre os faluchos mugardeses ... Pág. 22



Loli Santalla

Pág. 38



O noso patrimonio "Os lavadoiros"

Pág. 50

11 Suxestións lectoras

Pág. 59



Un percorrido pola Mugardos romana

Pág. 32



A Sociedade de Amigos da Paisaxe Galega do Seixo

Pág. 46

Editorial ■

(Re)construíndo comunidade

A crise sanitaria causada polo coronavirus sacudiu os alicerces da nosa sociedade, alterando a vida de millóns de persoas e xerando cambios en todos os ámbitos da vida. A pandemia deixou descubertas as carencias dunha construción social baseada no individualismo, a inxustiza e a cobiza. O ámbito social foi un dos que máis afectados e as consecuencias desta sacudida brutal e inesperada serán moitas e perdurarán no tempo.

En medio desta situación afloran dous sentimentos: desasosiego e esperanza, que poden parecer antagónicos, pero en realidade son complementarios.

Sentimos desasosiego pola situación na que estamos a vivir dende hai uns meses. Desasosiego por un futuro incerto, polas medidas que debemos tomar para preservar a saúde física e emocional dunha sociedade ferida. Pero tamén temos esperanza porque deste transe temos que saír máis fortes. Cremos con firmeza que a nosa sociedade ten capacidade para resistir e recursos para colaborar, para dar e para recibir. Hai un espazo inmenso para a xenerosidade, que facilitará respostas solidarias ás necesidades que van vir, e temos a certeza de que ese feito vainos facer ser máis e mellor xente.

Dende Apelón Educación animamos a trazar un camiño en común que, entre todos, permita aliviar a incerteza e reforzar a construción dunha sociedade máis xusta, que integre as necesidades de todas e todos. Non podemos mudar o pasado, pero podemos construír o futuro. Podemos e debemos (re)construír a comunidade.



Gobiecintos sorpréndenos enchendo de azul e branco a rotonda na que estaba o noso cartaz do Día das Letras Galegas. **Grazas emocionadas.**

Directiva da Asociación Cultural Apelón Educación

Presidenta

Gabriela Sánchez Cortizas

Vicepresidenta

Francisca Pérez Bouza

Secretario

Javier García Dieste

Tesoureiro

Juan Fernández Ameneiro

Vogais

Jacinto Núñez Martínez

Aída Cortizas Rodríguez

Paola Alonso Rivera

Patricia Rivera Romero

Ramón Bello Blanco

Ana Sánchez Cortizas

Juan Luis Iglesias Núñez

Poesía ■

Mugardos



Un resto de aire recoñecible,
como ese que din fica en nós
da primeirísima respiración.

Ás veces o vento debuxa rosas
cardinais e as rúas abandonan
o seu costume de animal durmido:


un soño azul bate a súa campá
e súbito esperta ao corazón
en plenitude de aletas e de velas:

o lonxe ten a forma da espiral;
atrás quedan as horas
desprendidas de todos os reloxos.

Mais quen marcha sabe que regresará.




Eva Veiga



Actividades anuais ■

Club de lectura




Esta é unha actividade exclusivamente feminina. Entre as participantes propoñemos un libro de lectura, deixamos un prazo para lelo e propoñemos unha data para reunirnos. Esta actividade só se interrompe no verán. En cada unha das reunións comentamos todo o que nos parece interesante do libro. Falamos tamén do autor e o seu contexto e tamén do que a lectura provoca en nós. Comezamos sendo 5 persoas e agora xa somos 12. Seguimos sendo so mulleres pero ampliamos a franxa de idade coas novas incorporacións.

Ai, os guateques

Nos guateques escoitábase música, bailábase, quedábase coas amizades... Moitos amores comezaron en guateques. Moitos desamores e desacougos houbo nos guateques. Para toda unha xuventude foron experiencia de vida. Pero os guateques eran sobre todo música, por iso, para lembralos programamos a actuación dun grupo de músicos veteranos: Revival / Ilusión

Concerto Revival



Día de Rosalía



Coa intención de homenaxear e afondar no coñecemento da figura e a obra de Rosalía de Castro programouse un acto con dobre contido:

- Unha conferencia de Pilar García Negro. “ROSALÍA DE CASTRO: A BANDEIRA DA DIGNIDADE GALEGA”
- Unha Actuación da Coral Estrelas Do Mar.


Pilar García Negro é mestra, divulgadora, ensaísta, escritora e unha figura central da vida cultural galega dende os anos 80. A súa figura é tan importante que dela chegaron a dicir que “Onde está Pilar está Galiza”.

Esta actividade, xunto co Club de Lectura, realízanse para promover os hábitos de lectura, promover e difundir o uso da lingua galega, propiciar a apreciación das artes e estimular a imaxinación e a creatividade. Presentamos un libro moi especial xa que é o resultado dun traballo realizado por Antón Cortizas cos seus alumnos do Colexio Unión Mugardesa.

Pres. Libro Antón Cortizas



10 de Marzo. Só podían ser rebeldes



Roteiro dende Mugardos a Ferrol polos lugares emblemáticos da rebeldía d@s traballador@s dende a construción do Arsenal ata o 10 de marzo de 1972. Tamén fixemos unha viaxe en lancha recordando a nosa historia. Coidamos que con esta actividade acadamos os obxectivos de prover de información á comunidade sobre temas de interese social, de contribuír á construción da cidadanía, de desenvolver traballos e actividades culturais de investigación, formación, análise da realidade e debate, de recuperar a memoria histórica e a memoria local.

Esta actividade, xunto co Club de Lectura, realízanse para promover os hábitos de lectura, propiciar a apreciación das artes e estimular a imaxinación e a creatividade. Esta actividade foi especialmente emotiva por ser a autora una veciña de Mugardos.

Pres. Libro Teresa Cameselle



Presentación Revista Albela



Presentación do número 1 da revista Albela nun acto celebrado na sala de lectura do Casino Mugardés e presentado por Xurxo Fernández García, colaborador na redacción da revista e Gabriela Sánchez Cortizas, presidenta da ACAE con intervencións dos autores dos artigos. Convidáronse á presentación a todos os que de xeito altruísta e desinteresado colaboraron na elaboración da revista, ofrecendo en algúns casos artigos de investigación inéditos. Asistiron tamén autoridades locais, concelleiros, e persoas vencelladas á cultura de Mugardos e bisbarra.

1. Elaboración de maios para os alumnos do CEIP Santiago Apóstolo e festa en San Vitorio.

2. Elaboración de maios para os alumnos do CEIP Unión Mugardeza e CPR Loyola

Nos días previos á celebración da festa dos maios os integrantes de Apelón Educación prepararon as armazóns de tres estruturas de madeira, que posteriormente cubriron con ramas de arbustos e plantas como fiúncos que recolleron en montes e xardíns da bisbarra. Así mesmo prepararon varias caixas con flores e laranxas para que os nenos remataran de montar o maio o día da celebración.

O Maio que eu quero



Trasládronse os maios a Franza e ao peirao de Mugardeos en camionetas os días das celebracións.

3. Festa dos maios con saída polas rúas e actividades lúdicas no Cantón de Cora.

Os días das celebracións contratáronse gaiteiros que percorreron as rúas e acompañaron aos nenos ata o peirao no caso de Mugardeos e ao ximnasio do colexio no caso de Franza. Rematáronse os maios con flores, houbo cantigas de maio e xogos. Repartíronse botellas de auga, caramelos e froita entre os pequenos.

Segundo a Real Academia Galega o arrollo é un “canto ou son para apazugar ou adormentar as crianzas”. A principal función dos arrollos non é durmir, senón crear un vínculo afectivo co noso neno ou nena por iso é fundamental dicirlllo persoalmente. A interacción persoal é realmente o verdadeiro obxectivo do arrollo. Para reforzar ese vínculo afectivo e completar o arrollo é indispensable tamén o contacto físico. Os arrollos requiren xestos de agarimo. O venres 10 de maio celebramos a primeira sesión de arrollos na Escola Infantil das Lagoas.

Os arrollos



Letras Galegas



Este ano o Día das Letras Galegas adicouse a Antón Fraguas. Comezamos o xoves 16 con “Música na rúa co grupo Trouleada”, debido o tempo fíxose no Casino Mugardeés. O venres 17 comezou a exposición da súa biografía e as lecturas ás 12.00 diante da Praza do Cine Zárate, rematando no peirao coa lectura duns textos. Durante todo o traxecto houbo reparto de globos, libros e marcapáxinas. Acompañounos o grupo de gaitas Trouleada. Ás 14:30 fíxemos no Club do Mar o Xantar de Irmandade e a partir das 17:30 tivemos “Xogos Populares” no Cantón de Cora.

A primeira parte desta actividade desenvolveuse nos centros de ensino IES de Mugarbos, CPIP Santiago Apostol, e CPIP Unión Mugardeza. A entidade de asesoramento e formación medioambiental Ribeiran impartiu seminarios de concienciación medioambiental e formación para realizar a limpeza.

O venres 14 de xuño os alumnos acompañados de mestres e voluntarios das entidades organizadoras realizaron a limpeza do areal da Bestarruza, a fachada intermareal do peirao, e a zoa de cabo Leiras.

Limpeza da Ribeira



Visita cultural a Betanzos



Miramos Betanzos con ollos novos, tivemos a oportunidade de apreciar o museo das Mariñas, unha pequena xoia descoñecida para a maioría. Aprendemos sobre o nacemento da cidade e sobre o seu período de esplendor durante a Idade Media, o que nos permitiu saber algo máis sobre o fundador de Santa Catalina de Montefaro, Fernán Pérez de Andrade... A visita foi unha experiencia estupenda grazas a unha guía magnífica.

Grazas a visita guiada o Pazo de Mariñán puidemos coñecer a orixe e evolución dun dos nosos pazos máis famosos.

Seguindo coa firme intención de poñer en valor o noso patrimonio, a tarde do 14 de agosto programamos unha visita guiada o Mosteiro de Santa Catalina de Montefaro. Acompañados por Rogelio Pérez Varela (Sociedade Amigos de Santa Catalina) descubrimos a longa historia do convento, o seu importante valor así como o difícil que esta sendo restauralo.

Visita cultural a Santa Catalina



Pres. e Exp. "A fuxida do bou Ramón"



Enrique Barrera e Elíseo Fernández

Enrique Barrera explicou como o 21 de xuño de 1939 vinte e sete militantes obreiros que levaban anos agochados en covas e casas de familiares abordaron en Ares o Bou Ramón que se preparaba para saír a faena. Era unha fuxida desesperada cara o exilio. Resultou un acto cargado de emotividade xa que entre o público atopábanse descendentes dos protagonistas do libro.

Exposición fotográfica no Concello do 30 de agosto ao 14 de setembro.

A tarde do 15 de setembro proxectamos no salón de lectura do Casino Mugardes o documental “Huellas en la Arena”, Ébano Media.

Para esta presentación contamos coa protagonista, Hayat Traspas, e un dos autores do documental, Xurxo Fernández García.

Hayat Traspas, orixinaria de Somaliland e que vive en España dende nena, volve a terra na que naceu en busca das súas orixes e de respostas que aclaren o seu pasado e vertebran o seu futuro.

Huellas en la arena Hayat T.



Visita cultural a Pontevedra



Visitamos a cidade de Pontevedra e comprobamos que está considerada como unha das mellores cidades para vivir en Europa e o seu modelo urbano é un referente mundial. Pola mañá fixemos unha visita guiada a parte peonil (centro histórico e comercial). Despois de xantar fíxose unha visita guiada os museos de Pontevedra.

Neste caso foron un grupo de socias as que expresaron o seu interese por desenvolver esta actividade.

Tratase de mellorar a nosa saúde cun pouco de ximnasia. Esta actividade vense realizando desde o mes de outubro dous días a semana.

Ximnasia de Solo Pelviano

1
Outubro

A nosa saúde importa:

XIMNASIA DE SOLO PELVIANO



Días:
martes e xoves
Horario:
ás 9:00 horas

Dirixido a:
Mulleres

Sintomatoloxía relacionada co solo pelviano


- Dor pelviana
- Sensación de peso e/ou agulloadas ou queimura referenciadas no baixo ventre
- Disfunción sexual feminina (dificultades nas relacións eróticas, dispareunia e/ou dificultade para lograr o orgasmo, falta de desexo)
- Incontinencia urinaria (de esforzo, de urxencia ou mixta)
- Incontinencia anal
- Prolapsos

Concerto e poesía Eva Veiga



DESCONCERTO

Recital multidisciplinar do GRUPO OURIOL con poemas de EVA VEIGA




Música : Bernardo Martínez - Fito Ares
Voz recitadora : Eva Veiga
Imaxes : Alfonso Costa

Ás 20h. 18 de outubro 2019

Eva Veiga poeta e periodista, pasou parte da súa nenez e adolescencia en Mugardos, onde asistiu o colexio Lolyola. Realizou programas na TVG, premiada poeta que a noite do venres 18 de outubro nos permitiu participar dunha experiencia estética integral. Palabra, música e imaxe. Arte con maiúsculas. DESCONCERTO recital interdisciplinar do grupo Ouriol con poemas de Eva Veiga.

Continuación da actividade de Limpeza da Ribeira. Nesta ocasión participaron unicamente adultos, cuadrillas compostas por voluntarios das distintas asociacións organizadoras. As zoas obxecto da intervención foron: areal da Bestarruza, a fachada intermareal do peirao, zoa de cabo Leiras ata Santa Lucía, así como unha limpeza submarina feita por mergulladores do Club do Mar.



Día do Patrimonio



Como entidade asociada a Rede do Patrimonio Cultural temos a obriga de celebrar o Día Mundial do Patrimonio. Este ano decidimos que era o momento de visitar o Centro de interpretación de Caldoval. Fixemos visitas guiadas e obradoiros de perfumes.

Campana no centro de saúde

Xa temos o noso recuncho de lectura na zona de Pediatría do Centro de Saúde. Para lerlles aos nosos pequerrechos, para que lean, para que pinten, para que xoguen, para que aprendan que as cousas que son de todos hai que coidalas se queremos que a próxima vez sigan estando aí.


Campana animación lectura nenos



Contacontos nos colexios



Dentro da programación anual temos dúas actividades de carácter periódico destinadas ao público infantil e preadolescente relacionadas coa animación á lectura. Son os Contacontos e as Lecturas de contos. Cando chega o Nadal a Asociación achegase as escolas de Catro Camiños, e de Franza a contar contos. Nesta ocasión os contos foron: "Ten Littleindians", "Winnieinwinter", "A que sabe a lúa", "A historia dos Bonobos con lentes".



BERNARDO MÁIZ

1752. Un escravo "turco" liberado da cadea por un veciño de Rilo

Na facultade compostelá de Xeografía e Historia cursei Etnografía, materia do Departamento que rexía o memorable profesor Carlos Alonso del Real. De cando en vez, don Carlos traía ás aulas estudosos que ampliaban os nosos escasos coñecementos sobre case todo. Un deles, coido no curso 1968-1969, fora o crego galeguista Antonio Rodríguez Fraiz, falarnos de costumes de Pº Rico, de onde viña; don Antonio, quen na década dos corenta exercera como párroco en Cervás (onde reparara a ermida de Chanteiro e a igrexa parroquial), sabedor da miña veciñanza, comentou que no século XVIII houbera escravos en Ferrol.

Cando pensamos en escravitude véñenos á cabeza confederados contra ianquis, buques negreiros, persoas encadeadas, maltrato, lostregazos, trata de mulleres, ..., sempre lonxe, unha barbarie allea a nós. Porén, a escravitude non foi abolida en España até 1837 e continuou nas colonias españolas do Caribe, en P.º Rico até 1873, en Cuba até 1886. Probablemente, entre tantos nosos devanceiros emigrantes Alén Mar, algún foi comerciante de persoas, ou propietario de escravos, ou capataz dun “ingenio” con rebenque na man, ou cazador de “cimarrones” fuxidos, ou abolicionista liberador.

Argumentarán que aquela barbarie foi hai moito, que eran outros tempos e outras mentalidades, e é verdade. Lamentablemente, perduran en demasiados lugares do mundo -tamén neste noso que din Primeiro-condicións de vida e de traballo escravistas e moitas persoas que veñen fuxindo á rica Europa da miseria e da guerra nos seus países, son vítimas da trata, do comercio de seres humanos.

Escravos “moros” e turcos

No tempo no que sucedeu o mínimo episodio que tratamos, o concepto de “moros” abrangía á toda a poboación do norte de África e o de “turcos” a todos os súbditos do Imperio Otomano, os da mesma Turquía e con eles sirios, serbios, croatas, húngaros, chipriotas, gregos, búlgaros, ..., tamén “turcos” residentes no norte de África. De caer eles prisioneiros dos buques dos reis das Españas (no século XVIII os primeiros da dinastía Borbón: Felipe V, Fernando VI,



Mercado de escravos de A Coruña




Carlos III e Carlos IV, tan déspotas como ilustrados) ou de mariños que navegaban en corso, tanto turcos como magrebíes eran tratados como botín de guerra. Como propiedade de particulares (poucos) ou do estado (máis), podían ser comprados e vendidos segundo Ordenes Reais de 1718 e 1724 que regulamentaban o mercado de escravos.

Ferrolterra transformada no século XVIII

Como sabemos, os gobernantes da Ilustración modernizaron os mecanismos administrativos, económicos, militares e territoriais. Asemade, conscientes de que as súas maiores posesións estaban nas Indias de Alén Mar e que de alí viña moita da riqueza que sostíña os seus estados, era fundamental construír unha armada potente, para o que eran precisos estaleiros e arsenais; a tal fin, en 1726 crearon tres Departamentos Marítimos: do Norte, con centro en Ferrol, de Levante, con centro en Cartagena e do Mediodía, con centro en Cádiz.

En Ferrolterra construíron n'A Graña as primeiras instalacións, mais a pouco, precisando dunha base naval máis ampla, en 1747 comezaron as obras de estaleiro, arsenal e “Nueva Población” en Ferrol, ben máis senlleiras no seu conxunto final que as de Cartagena ou S. Fernando de Cádiz. Nesas construcións e na de buques traballaban en Ferrol miles de persoas (máis de 7.000 en 1753), agrupadas nunha Maestranza moi cualificada, con eles soldados, xornaleiros libres e retribuídos, mais tamén moita man de obra forzada, “vagamundos, gente de mal vivir, vagantes, malentretidos,” presidiarios, e, con estes, escravos, en número abundante en



Cartagena, menos en San Fernando e poucos en Ferrol, onde en 1752 enviaron dende Cartagena algo máis de cen “moros” e “turcos”, os primeiros en número maior. En 1766 só quedaban cinco e ningún en 1770, moitos falecidos vítimas da mala alimentación, doenzas, friaxe e traballos duros nas obras de diques, peiraos, edificios e bombas de achique; outros (os menos) marcharan por ser rescatados polos gobernos de Marruecos e Argel. Como vemos no documento de abaixo, algún deses “turcos” tamén picaba pedra como auxiliar dos profesionais nativos nas canteiras de granito dun e outro lado da boca da ría, no caso que nos ocupa n’A Redonda, entre o castelo da Palma e O Baño, lugar este onde embarcaban cara a Ferrol o material extraído. Unha copla popular recolle esa actividade local:

“Os da Graña son cantores,
os da Redonda canteiros,
os de Cervás labradores,
os de Mugar dos pulpeiros”.




En 1752 chegaron a Ferrol máis de 100 escravos dende Cartagena. Sen embargo, en 1770, xa faleceran todos eles debido a mala alimentación, as doenzas, os duros traballos...

Un oficial da Armada Real, un escravo “turco” e un labrador de Mehá

En data imprecisa do verán de 1752, a pouco da chegada dos escravos “turcos” a Ferrol e á Redonda, don Pedro Serrano, “Teniente de Fragata de la Real Armada, director de las Reales Fábricas de los castillos de San Martín, Nuestra Señora de la Palma y del arranque de piedra de la cantera de la Redonda”, que reten obrigado a Pedro Bizoso, labrador de Rilo, lugar da parroquia de San Vicente de Mehá, convocou ao escribán Sánchez de Andrade para que este redactara un escrito dirixido a don Cosme Álvarez de los Ríos, Comandan-





te de Mariña do Departamento de Ferrol. A finais de 1752 esa acta foi copiada (cremos que con certas diferenzas na redacción) nun “Protocolo de la Escribanía de la Real Armada”, sito no Arsenal de Ferrol:

“(…) Los turcos que por avanzada de Marina se reclutaron a estos dominios poco ha están con cadena al pie y sin embargo aora de próximo uno de ellos tuvo el anelo de hacer fuga por lo que salió tropa tras del dándole caza en la Circunferencia de la villa de Ribadeo de donde fue conducido a dicha Real Fábrica y por aversele echo cargo sobre el modo de haber sacado la cadena que tenia en el pie, significó averle protexido para ello un sujeto que no conocía ni era ymediato al susodicho destino ni sabía su vicindario ni lugar. Que cree transitar por el lugar de Rilo y Casa del referido Bizoso, a cuya ymediación susiste de pie fixo un piquete del Rxmto. de Vitoria para contener lon ympulsos de las deserciones, lo que lo hizo promediar desde su destino al lugar no por ruta derecha que es de el Baño, Mugarodos, Jesteyra,

Casares, Seaña y otros y aun mas, tomando su paso por la parte del Bendaval que por ser de noche y aquel distrito algo mas expeso para su alvergue y recoximiento se allan otros distintos lugares, bien entendido que, aunque con dificultad y sin seguridad provativa asigna a dicho Bizoso, si que le parecía que en aquel sitio avia sacado la cadena y que para dicho fin lo protexiera un hombre que allí avía allado y no asienta si era vecino o transitante, como tampoco el sitio efectivo lo que no podía hacer por no ser pratico del pays y su deserción a la ora de la noche”. Supomos a captura do escravo e a prisión do libertador no remate do verán de 1752, pois sinala a documentación que Pedro Bizoso foi liberado do castelo da Palma no mes de outubro.

“(…) para que se retire a su casa para el cultivo de su hacienda por ser el tiempo oportuno de la siembra de el centeno y el trigo diciendo el Pedro Bizoso que sin envargo afirmar su inocencia y en quanto por el moro no se dixo ser el de fixo quien le sacara la cadena, se obrigava con su persona y bienes muebles y rayces presentes y futuros”.

Desa obrigación era garante o seu sogro, Antón Rey, tamén labrador e da mesma veciñanza, Rilo de Mehá, lugar de xente solidaria. E nada máis sabemos dos dous labradores de Rilo nin do novamente escravo, quizais moro, quizais turco, que (por elementos anexos que deixamos para outra ocasión) podía ter de 15 a 20 anos de idade e por nome Mohamet.




Despois de que un escravo, quitara a cadea para fuxir, Pedro Bizoso, veciño de Rilo foi detido pola súa presunta colaboración naquela fuxida.

As fontes empregadas, para contar esta historia foron:

- Barrio Gozalo, Maximiliano.- Esclavos musulmanes en la España del siglo XVIII . En “Anales de Historia Antigua, Medieval y Moderna”. N° 49 (2015). B. Aires, Arxentina.
- Montero Arostegui, j.- Historia y descripción de la villa y Departamento de Ferrol. 1859.
- Santalla López, Manuela.- Ferrol. Historia social (1726-1858). A Nosa Terra, 2006.
- Protocolos de escribanía de Marina, Escribano Pedro López de Santiago. 1752. Archivo Naval de Ferrol.

Os americanos de Mugardos

XURXO FERNÁNDEZ



A historia dos Estados Unidos no último século ben podería contarse a través da vida dos mugardeses alí emigrados. Aquí van algúns retrincos mesturados con vivencias propias.



De pequeno non aturaba os pantalóns curtos. ¿Por que os maiores tiñan que vestirnós daquel xeito tan melindroso? Por iso nunca esquecerei o día que chegou a Mugar dos meu tío ‘o americano’. Non podía ser certo que aquel home do que escoitara tantas fazañas volvera a súa vila ensinando os xeonllos. Non sempre construímos os mitos a medida da realidade. Malia a súa indumentaria cativera, o tío Xoán continuaba a ser un heroe. Con catorce anos meteuse de polisón nun barco que ía para América. Chegou a Nova York e mendigou polas rúas ata que atopou un traballo na taberna dun irlandés. Aprendeu o oficio e o idioma, e conseguiu facer estudos. Fundou a primeira unión de traballadores da hostalería e converteuse nun dos sindicalistas máis importantes do baixo Manhattan. Se tiñas un problema no traballo, mellor que falases con John King. Ese era o meu tío Xoán Rey.

Penso que foi o abraio por aquel home unha das razóns polas que vinte anos máis tarde decidín coller un avión a cidade dos rañaceos. Pero como moitos galegos non cheguei a Nova York senón a Nova Jersey, doutro carón do río Hudson. A miña amiga Mónica Filgueiras recibíame no aeroporto de Newark e levoume a casa da miña curmá Mercedes. Cando amencín naquel suburbio de ‘pescozo azul’ – así chaman os anglosaxóns aos barrios dos traballadores, os blue collars – chamado Garwood, preguntéime quen carallo me mandaría a min saír de Mugar dos. As casas de madeira con xardín non tiña nada que ver con as das películas, non había canastras nas portas dos garaxes, non había carros convertibles, nin veciñas que daban a benvinda cunha torta de amorodos. Facía un frío de mil demos e as rúas estaban desertas e noxentas.

Eu quería ver Nova York, pero Mercedes coidaba que aquilo era moi perigoso para min. “Mellor lévote a almorzar a un restaurante que seguro non coñeces”. Cando saímos do McDonald’s pregueille que me deixara na estación. Quería ver o famoso skyline de Manhattan e atravesar a pé a ponte de Brooklyn. Non sei por que tiña aquela teima metida na cabeza. Cando estaba no medio do East River, conxeláronse as orellas e todas as fa-




Meu tío Juan

lanxes. Botei a correr en busca dun lugar onde quentarme, e de novo atopeime nun McDonald’s.

Caía a noite e non quería desacougar a Mercedes. Facía pouco que tombaran as Torres Xemelas e ela cría que Nova York era un niño de terroristas. Collín o tren de volta a Nova Jersey, pero pasei sen decatarme a parada de Garwood. Baixei na seguinte vila: Westfield. O tren de volta pasaba nunha hora. Na estación non había un can e a cabina de teléfono estaba estragada. De súpeto escoitei un estrondo. “¡Fucking cona. Queredes facer as cousas con xeito, carallo!” Un home berraba con dous mexicanos que tentaban meter unha mesa por unha porta. Achegueime a el e explíqueille a miña situación. “Son paisano”, engadín tentando abrandalo. “Anda, axúdame a cargar estas mesas e logo lévote a casa”.

No camiño preguntoume de onde era. Dixen que dunha vila da provincia da Coruña. “Logo non somos paisanos. Eu son de Ourense”. Entón non sabía da rivalidade entre coruñeses e ourensáns nesa beira do charco. Estes últimos eran unha comunidade máis pe-





Porto de Newark

quena, pero moito máis aforradora e emprendedora que os primeiros. Por iso chamábanlles ‘os xudeus’. Cando precisei que era de Mugar dos houbo mellor sintonía. “Ah, de alí teño un compañeiro no porto: Little John”.

Ao deixarme na porta, o ourensán pedíume que me pasara o día seguinte polo mesmo lugar onde nos atopáramos. O seu fillo abría un restaurante nos próximos días e ía precisar xente. Así conseguín o meu primeiro emprego, no Cervantes Paellas Restaurant, e ta-mén souben o alcume do pai de Mónica.

A Juan Manuel quedoulle a cara a cadros cando lle preguntei se coñecía a un tal Little John de Mugar dos. “Son eu. ¿Como sabes ti iso?”. Apenas levaba unha semana alí e xa coñecía as troulas que facían ca súa estatura.

Os pioneiros

Se cadra Newark non era de todo alleo para un mugar des. Juan Manuel Filgueiras chegou de ben mozo, recen licenciado o servicio militar, pero levaba toda a vida escoitando falar de aquel lugar. O seu tío Juan ‘Mareas’ foi un dos pioneiros. Chegou nos anos 40, saltando dun mercante, e foise a hospedar no boarding house dunha mugar des, a señora Pura. Axiña atopou traballo no porto como longshoreman (o que ven sendo un estiba-

dor) e foi gañando crédito ata chegar a capataz. Todo mugar des que arribaba en Newark, o primeiro que facía para conseguir un emprego era falar con Juan ‘Mareas’. Fíxose un tipo importante no porto. E con todo nunca chegou a saír da casa da señora Pura, xa que casou con Rosa, unha das súas catro fillas.

Juan ‘Mareas’ nunca esquecía a familia e sempre que podía enviáballes roupa. Juan Manuel lembra como si fora hoxe cando chegaba o baúl do seu tío e diante da casa aparcababa ese ‘haiga’ americano. Chamábase así porque aqueles indios sempre mercaban ‘o mellor que haiga’. A propietaria era un dona do Peteiro, Leonor ‘a Parguela’, que tamén rexentaba un boarding house en Nova Jersey. O mesmo ‘haiga’ detíñase na tenda do Nibueiro para facer chegar os agasallos que enviaba o tío Xoán. Os seus pais, labregos de Simóu, preferían que enviase cartos para mercar terras, pero o fillo explicaba nas cartas que el non enviaba diñeiro para facelos máis escravos.

O tío Xoán non quería ir de visita a Mugar dos, pois tiña mágoa de ver a miseria que deixara atrás. Mais cando por fin volveu a mediados dos anos 80, dixo que vira Galicia mellor do que Nova York cando chegou. Comprendino ben cando lin as crónicas de Xulio Camba na A cidade automática. O xornalista arousán chegou a ‘Gran Mazá’ no mesmo tempo que o meu tío, a finais dos anos 20. A bolsa de Wall Street caeu esnaquizando



Newark Riot 1967



Homeless "sen teito" truncando unha mazá por cinco centavos.

todo o seu redor, os banqueiros arruinados saltaban dos rañaceos, nas factorías apiñábanse os obreiros mendigando un traballo, as rúas inundáronse de homeless (os 'sen teito') e os desempregados ocupaban as bocas dos metros para trucar unha mazá por cinco centavos. Nese vórtice catastrófico abríame máis se cabe que un rapaz de Mugardos que pouco fora a escola e aínda "non pasara o poleiro" –como dicía a súa irmá Matilde– conseguira saír adiante naquela trituradora humana que era os Estados Unidos da Gran Depresión.

Cando Juan Manuel Filgueiras chegou aos Estados Unidos eran outros tempos. Comezaban os anos 70 con un folgo de optimismo tralo anuncio feito por Nixon de retirar as tropas do Vietnam. A economía marchaba sobre rodas e todo aquel que buscase un traballo ía a atopalo. A Juan Manuel foille doado grazas a influencia do seu tío. Comezou coma todos, de longshoreman. "Un traballo duro e sucio", lembra. Pero el era un mozo cobizoso que desexaba chegar alto e foi subindo chanzos ata chegar o máis enriba que podía un traballador portuario: as grúas. Cos primeiros aforros cumpriu un des seus soños: mercar un Chevrolet Impala. "Vermello, precioso", irisa Filgueiras.

Naqueles anos o porto de Newark estaba copado

polos italianos, "pero os estibadores eran 'morenos' e galegos", conta Filgueiras. O presidente da unión portuaria era Vincent Colucci, ao que todos chamaban 'il capo'. Dis que traballaba para a familia dos xenoveses, que controlaba o transporte no estado de Nova Jersey. Cando Colucci foi arrestado por extorsión, substituíno un galego, Alberto Cernadas. Contoume a súa historia Xaime Meilán, o director do xornal para o que escribía: Elhecho. 'Al' Cernadas foi acosado durante moitos anos pola mafia, ata o punto de tiralo por un ponte abaixo ao máis puro estilo Os Soprano. Cando por fin chegou a entenderse cos italianos, foi detido por corrupción.



Cando Juan Manuel chegou aos Estados Unidos as cousas xa cambiaran. A economía marchaba sobre rodas e todo aquel que buscase un traballo, atoparía.

A mafia era un mal asunto para todo que se o cruzase no seu camiño. Un deles foi o meu tío Xoán. Un día houbo un tiroteo no restaurante onde traballaba. Eran matóns dunha das 'cinco familias'. Meu tío coñecíaos ben porque levaban anos extorsionando aos propietarios dos restaurantes de Nova York. John King foi chamado a testificar nun tribunal, pero antes

de que iso sucedese recibiu unha boa malleira e o seu corpo escachado acabou no río Hudson. Ao día seguinte a noticia da súa morte apareceu nos xornais, pero el aínda respiraba. O FBI deulle unha nova identidade e agochouno no deserto de Arizona.

O Ironbound

Baixo o paraugas de Alberto Cernadas como presidente do todopoderoso sindicato ILA, o waterfront de Newark encheuse de galegos. Case todos eles vivían no Ironbound, o único barrio ‘branco’ que quedaba na cidade. A gran maioría daquela ‘chocolate city’ eran descendentes de escravos africanos. Franky Lara chegou a Newark cando o cóctel da segregación estoupou. Ninguén que o vivira, asegura o mugardeés, pode esquecer ese ‘longo e quente’ verao de 1967. Os ‘morenos’ lanzáronse a rúa para protestar contra séculos de inxustizas. Eran os anos da loita ‘non violenta’ polos dereitos civís encabezada por Luther King Jr. no Sur dos Estados Unidos; pero no Norte pegaban máis os postulados de Malcom X, que avogaba por conquistar as liberdades por “calquera medio que fose necesario”. Como xa pasara en Os Ánxeles dous anos antes, en Newark choveron pedras, se asaltaron comercios e arderon as rúas. A policía empregouse con contundencia e o final da festa houbo 26 mortos.

Aquela revolta marcou un antes e un despois en Nova Jersey. En 1970 Kenneth Gibson convertíase no primeiro africano-americano en gobernar unha cidade do Nordés dos EE.UU., e nunca máis un branco volvería a ser alcalde de Newark. Os europeos convertéronse nunha minoría do Ironbound. Os polacos e italianos foron deixando paso a galegos e portugueses. A grande vaga migratoria lusa chegou trala Revolución dos Cravos, e revitalizou a construción e o comercio. “Maila que algúns lles chamaron invasores, foron os portugueses os que rexurdiron o Ironbound”, conta Franky. Ademais, grazas aos seus supermercados, os galegos xa tiñan onde mercar chourizos, grelos e unto para o caldo.



Victoria Ironbound

A Ferry Street, principal arteria do Ironbound, encheuse de loxas portuguesas, pero tamén de restaurantes galegos como Fornos of Spain, Don Pepe, Spanish Sangría e Spanish Tavern. Mais o principal lugar de reunión foi sempre o Club de España. Alí se celebraba o nadal, os carnavais, a pascua, dábanse clases de gaita, de español e de sevillanas. Foi nunha desas ‘comelladas’ no Club de España (coido que era a do chourizo críollo) onde coñecín a Vitoria ‘a Barcarroxa’. Ela chegou a Newark sendo unha mocíña, nos anos 60. Con 16 anos coñecera un americano de pais mugardeés que pasaba os veraos na vila. Tres anos máis tarde casou con el e pasaron a lúa de mel en Madrid, mentres resolvían o papeis na embaixada dos Estados Unidos.

O primeiro que perdeu foi o nome. María Vitoria Vázquez González pasaría a chamarse Vicky Porta. O seu marido Nicky tiña un bo posto nas oficinas da Sea Land e súa familia levaba anos instalada en Newark. Aínda así a súa sogra non falaba papa de inglés. “Un día fomos a comprar unha teteira”, ri Vitoria, “e como non sabía como pedila, púxose a asubiar”.

As mulleres do Ironbound traballaban nas factorías téxtiles, onde se falaba maiormente portugués e galego. Do traballo ían para casa e o día seguinte volta a empezar. “Moitas pasaron anos sen saír do Ironbound, algunhas nunca viron Manhattan”, conta Vitoria. E por suposto nunca tiveron oportunidade de aprender o inglés. “Se aprendían algunha expresión, era para brincar coas amigas”. Shame of you, Nobody home ou Savana beach (derivación fonética de Son of the bitch) eran as mais populares.

As labores de tradución –cando chegaba algunha carta oficial, ían ó banco ou ó médico –recaían nos fillos escolarizados. Así pasou a infancia a miña curmá Mercedes, tentando orientar ós seus pais naquel mundo incomprensible. Ela chegou con dous anos a través de Ellis Island, a illa que franqueaba a entrada dos inmigrantes a Nova York. Alí os medían, os pesaban, inspeccionaban os ollos, a boca, as orellas; e si estaban sans, selaban o seu pasaporte. Así entraron nos Estados Unidos 13 millóns de seres humanos entre 1892 e 1954.

Mercedes Fernández chegou acompañada polos seus pais en 1934. Pesaba 11,3 kg, medía 87 cm e non tiña ningunha doenza. Comprobeino cando visitei os arquivos de Ellis Island, hoxe reconvertido en museo. Mais 70 anos máis tarde apenas podía camiñar e non tiña un so curruncho do corpo sen dor. Cada tres meses apuntábase a unha excursión de xubilados ao Canadá e pasaba 18 horas nun bus para mercar medicamentos. A súa historia era ben triste. Traballara durante corenta anos nunha fábrica de lámpadas, casouse con un home do que separouse dez anos despois, nunca tivo fillos, o seu único irmá morreu atragoado



cun anaco de carne e agora vivía soa na casa que os seus pais mercaran despois de tanto esforzo agardando o momento para vendela e marchar para un asilo.

As conversas no Bar Torres

Malia que eran ben diferentes, as historias de Mercedes e Vitoria tiñan un elemento en común. Anos despois de separarse de Nicky Porta e reflotar a súa vida con dúas fillas a costas e ducias de empregos, Vitoria coñeceu a un home co que comezou a saír. Era o mesmo home que estivera casado con Mercedes anos atrás. Se chamaba Isaac e viña dunha pequena vila do interior de Vizcaya.

Sempre que ía visitar a Mercedes xantábamos na Casa Vasca. Aquel lugar fora anos atrás o Bar Torres, máis coñecido entre os galegos como 'o Consulado'. Alí era o primeiro lugar onde chegaban os que se 'caían do barco' – como Juan Mareas e moitos outros – con pouco máis que o pasaporte e sete camisas unha por riba da outra. Alí pedían prestados cartos ou teito por algunha noite ata que comezaban a traballar no porto.

O conto é que naquel bar agora reuníase todas as tardes unha cuadrilla de vascos para xogar ao mus. Entre eles estaba Pedro, o mellor amigo de Isaac. Xuntos saíran do mesma aldea, Morga, para ir facer a 'borega' aos Estados Unidos. Unha vez lin un relato de Bernardo Atxaga que falaba dun vello vasco que despois de corenta anos recibía cartas da súa terra nunha arredada montaña de Idaho. Pensei que era realismo máxico, pero ó coñecer a Pedro souben que o conto ben podía ser certo. Os pastores vascos levaban emigrando ao Oeste americano dende as guerras carlistas. Pedro e Isaac foron nos anos 40, cando trababa a fame da posguerra. As condicións do seu contrato non eran doadas. Tiñan que pasar dez anos pastoreando ove-

llas, milleiras delas, nas pradarias de Idaho. Durante a campaña non tiñan contacto con civilización algunha, agás o helicóptero que lles deixaba caer os víveres. En canto puideron, os deus amigos fuxiron daquela gaiola de verdes pastos e chegaron a Newark en busca dun mellor xeito de existencia.

Naqueles xantares con Mercedes pedíalle que me contase historias do tío Xoán. Ela case sempre contaba a mesma: cando os convidara a cear no Tavern on the Green, aquel maxestoso restaurante no corazón de Central Park. Ao tío reserváronlle a mellor mesa, e nada máis sentarse os camareiros abriron unha botella de Dom Pérignon. Ostras, lagostas, filet mignon, todo corría a conta da casa. John King, contaba Mercedes, era un tipo moi importante en Nova York. Fora manager de grandes restaurantes, o primeiro sindicalista do gremio, enfrontárase a mafia, tivera moitas casas, moitas mulleres e amigos, e acabara os seus días xubilado na Florida navegando no seu iate. Pero eu aínda o lembraba con eses pantalóns curtos e calcetíns brancos por dentro das sandalias. O último verán que o vin, a mediados dos 90, xa estaba vello e doente. Na familia sabían que non lle quedaba moito e ofrecéronlle quedar en Mugar dos para morrer no mesmo lugar que o veu nacer. Dixo que non, América lle deu todo o que tiña e alí debían ficar os seus osos.

Aínda atópeme con Vitoria, Franky e Juan Manuel, agora a este carón do océano. A eles débollas moitas menos saudades das que tería un mugar des emigrado nos Estados Unidos. Mentres George W. Bush tiraba bombas por medio mundo, nos pasamos algún nadal e mesmo o thanksgiving comendo pavo con grelos e cantando os Catro vellos mariñeiros. De Mercedes non volví a saber dende a última vez que mudou de residencia, e xa fai dez anos diso. Alí onde estea, sempre nos quedará o McDonald's.



FERNANDO PATRICIO

Crónica sobre os faluchos mugardeses e os seus naufraxios (1830-1916)

Mugardos, foi un dos meirandes portos pesqueiros da Galiza dende a segunda metade do século XVIII ata comezos do século XX. Gran parte de culpa neste éxito pesqueiro téñena os faluchos. Estas embarcacións foron introducidas no noso país polos fomentadores cataláns e levantíns na segunda metade do século XVIII, nas súas orixes para pescar co arte da xábega e, posteriormente, cos palangres e outras artes coma o xeito. Meijide Pardo recolle na súa obra como no 1811, o entón alcalde de Mugardos, José Vadell, arma contra os franceses o falucho nomeado Tigre de 50 toneladas de porte ao que o Comandante de Marina dos Tercios do Norte concédelle a Real Patente de Corso.

Os faluchos, foron embarcacións que a mestría dos carpinteiros de ribeira especialmente da ría de Ferrol, souberon adaptar aos nosos mares e que podían chegar a albergar no seu interior ata unha vintena de homes. Foron moi empregados, principalmente, nos portos do norte da provincia de A Coruña, como Mugardos, Ares e Cariño acadando a súa expansión o porto de Viveiro na Mariña e cara o sur, aos portos pesqueiros do Areal e Bouzas, na ría de Vigo, que tamén sufriron, numerosos naufraxios destas embarcacións que se saldarían cun número importante de vidas perdidas no mar, pero en ningún porto galego produciríase unha cifra tan arrepianante, como aconteceu en Mugardos, como comprobaremos a continuación.

Un falucho podía levar a bordo entre 7 e 20 homes. Paz Graells, na súa obra editada no 1870 amósanos as medidas dun falucho visto no porto de Mugardos: eslora 11,14 metros, manga 3,30 metros, puntal 1,75 metros na proa, 1,28 metros de puntal na eslora media e 1,41 metros de puntal na popa. Mastro de 8,28 metros ergueito case que no medio da eslora e deitado cara a popa, verga de 13,50 metros, leme, e cunha tripulación de entre 8 e 10 homes. Destacaba a súa gran vela latina “cuyo servicio en estas costas debe exigir sumo tino y precaución para evitar vuelcos” dato que por desgraza comprobaremos neste artigo, causou moitos naufraxios a estas embarcacións.


Na antiga Comandancia de Marina do porto de Ferrol, unha inscrición do ano 1916 recolle os datos dun falucho de 11 metros de eslora 3,25 metros de manga e 1,50 metros de puntal que ben podería ser o Uracha, que adicariáse ata o 1933 xa coa decadencia da pesca artesanal que montaba motores de vapor nos pesqueiros, ao transporte de pasaxeiros entre Mugardos e Ferrol.

Naufraxios

Para aqueles que teñan tempo e que queiran afondar e pescudar nos antigos naufraxios de embarcacións mugardesas ou de calquera outra vila costeira galega,



Os faluchos foron moi empregados nos pobos do Norte, coma Mugardos. Estas embarcacións empregaban vela latina polo que había que ter especial precaución nos nosos mares.



dicir, que os libros parroquiais de defuntos son unha gran fonte para atopar a homes que pereceron no mar, pois incluso aos desaparecidos se lles facían funeráis que ficaban rexistrados nestos documentos eclesiásticos, onde amósanse moitos sinistros marítimos dende o século XVII coa coletíña de: “fulano tal, tripulante da embarcación cal, recibe sepultura no...” que a día de hoxe aínda nos son descoñecidos, pois o principal medio divulgador destas e de todas as novas surdidas, tanto a nivel local coma regional ou nacional, sería a prensa escrita que en España non comezou a agromar ata a década dos vinte do século XIX, unha vez rematada a Guerra da Independencia que librou contra a Francia napoleónica. Outra das excelentes fontes das que dispoñemos, é o gran Archivo de Marina Álvaro de Bazán o AGMAB, que se atopa na provincia de Cidade Real, no pobo de El Viso del Marqués a escasos kilómetros do comezo da provincia de Córdoba. Alí, gárdanse 50.000 legajos sen escanear dos que 25.000 pertencen ao que foi a antiga comandancia e Almirantado de Ferrol, que domiñaba todo o litoral Cantábrico e o atlántico galego dende Irún ata a desembocadura do río Miño, na Guarda. De feito ao fío do que estamos a comentar, a primeira referencia documental que atopamos sobre a perda dunha embarcación mugardesa de pesca no século XIX, aparece o 10 de decembro

do 1830, unha lancha de pesca vaise pique na playa de Nuestra Señora de Chanteiro (así no orixinal), en Ares. Tres cadáveres, pertencentes á mesma, aparecen en dita ribeira de Chanteiro, “que se presumen de sobrado fundamento náufragos procedentes de La Coruña..” “Aunque de público se dice que en el puerto de Mugar dos faltó una lancha pescadora que patroneaba José María Gómez y tripulaban algunos marineros de aquella matrícula”. Falecieron no naufraxio: José María Gómez, patrón; José Antonio Mateo, Antonio Pablo, Nicolás Méndez, Antonio Nicolás Perena, Andrés Anido e José Antonio Gómez, mariñeiros. Seguramente estamos ante a constatación do naufraxio dun falucho de mediano porte.

Entre o 1 e o 3 de xaneiro do 1836 aconteceu o naufraxio dun falucho de Mugar dos co nº de matriculación 192, propiedade de Felipe de Deus, que tras saír a faenar íase a pique a 7 ou 8 leguas do porto de Muxía, afogándose cinco dos dez tripulantes que a embarcación levaba a bordo.

Polo Boletín Mercantil e Industrial de Galicia, coñecemos unha nota confusa editada no seu número 58, na data do 14 de marzo do 1848, en concreto na súa páxina 4, na que se da a seguinte nova: “ayer la mar ha arrojado a las playas de San Pedro 19 cadáveres de gente marinera: se cree procedan de Mugar dos.” De estar no certo, poderíase tratar perfectamente da tripulación dun falucho con base neste porto mariñeiro. Ata o de agora, todos os esforzos por atopar máis novas ao respecto foron infructuosas.

O 7 de decembro do 1848 producíase un naufraxio dunha embarcación de pesca de Mugar dos: “Un bote del inmediato distrito de Mugar dos, naufragó en la ría de este puerto a impulso del fuerte viento que reinaba, habiéndose ahogado los cinco marineros que lo tripulaban.” Nova publicada no xornal, El Espectador, na súa edición do 17 de decembro do 1848.



En 1877 un vapor inglés partiu pola metade un falucho mugar dós preto do Cabo priorioño. Rápidamente conseguiu recoller do mar a 11 dos 15 mariñeiros daquela embarcación.

Perda da lancha de pesca de Mugar dos de nome Antoiña, ao ser embestida polo vapor mercante español, Buenaventura, o 27 de xullo do 1864 cando estaba a media milla ao NW do Cabo Priorioño. A forte abordaxe partiu á metade a embarcación, falecendo afogados os seus seis tripulantes que foron recollidos das augas xa cadáveres pola tripulación do falucho mugar dós, San Salvador, que os levou de volta ao seu porto para que se fixeran cargo dos desdichados náufragos, as autoridades competentes. Polos homes que ían a bordo e polo caladoiro empregado, podemos estar fronte a outro naufraxio dun falucho de menor porte. Eco Ferrolano, 28 de xullo do 1864 (AGMAB, Legajo F 7106).

O 20 de setembro do 1877. Un vapor inglés embestiu e partiu pola metade a un falucho de Mugar dos, a algunhas millas do Cabo Priorioño. Recolleu a once dos 15 tripulantes da embarcación de pesca, con vida. O paquete, posteriormente, xa de noite veu as luces dun falucho, feito que aproveitou a súa tripulación para arriar un bote onde meteron aos once superviventes do falucho que afundira, para que foran levados a porto polos seus compañeiros, proseguindo seu rumbo o vapor. El Diario de Santiago, 20 e 24 de setembro do 1877.

No mes de abril do 1882 o falucho mugar dós Francisco el Sabio e abordado e afundido polo paquebote inglés, Cordillera, da Pacific Steam Co., de noite e a unhas millas do porto de A Coruña, causando este naufraxio varios mortos entre a tripulación da embarcación pesqueira que non se especifican na prensa da época. As familias dos falecidos serían indemnizadas con 22.000 reais pola navieira británica. El Correo Gallego, 7 de maio do 1882.

O 31 de marzo do 1883, cando atopábase o falucho mugar dós, San Antonio, a 6 millas do seu porto, un forte golpe de mar arrebatou da cuberta da embarcación aos xóvenes tripulantes Francisco Carnero e Antonio Prieto, que xunto a outros 16 homes compoñían a tripulación ao completo desta embarcación de pesca. A parella de infortunados rapaces morreu afogada no mar a pesares dos ímprobos esforzos dos seus compañeiros por auxiliais. El Correo Gallego, 1 de abril do 1883.



Na traxedia do falucho San Francisco, por mor do forte temporal, as outras embarcacións non puideron socorrer aos homes que pedían auxilio dende o mar.

A perda do falucho, San Francisco, con folla de inscrición marítima de Mugardos nº 73 é unha das meirandes traxedias acontecidas na familia mariñeira de Mugardos, na súa historia. Dezanove homes pertencentes á súa tripulación perecerían no seu naufraxio, a noite do 25 de xaneiro do 1884, na praia de Canelas, deixando a vila mugardesa ategada de viúvas e orfos. Zarpara do porto de Mugardos xunto a outros dez faluchos para recoller os aparellos que tiñan calados para a captura de pescada. O tempo empeora con fortes ventos de componente sur. Oito faluchos voltan porto, un averiase na costa de Cobas, ao abeiro do Cabo Prior e outro na rada do porto de Cariño. O armador do San Francisco, José Prados Cañizo, ao non ter novas da súa embarcación, sae na súa procura. Pregunta no porto de Ferrol ao capitán do bergantín-goleta, Segundo Barceló, que navegaba de Águilas ao porto de A Coruña con cargamento de sal a bordo, si avistara algunha embarcación de pesca en apuros ou que houbera entrado de arribada forzosa polo temporal na ría de Ferrol. Éste capitán díxolle a José Prados que, aproximadamente a unha milla do Cabo Prior, divisou unha embarcación quilla arriba, con seis homes pedindo auxilio pero que, por mor ao forte temporal foille imposible auxiliar aos náufragos. Posteriormente a esta declaración, o armador do falucho San Francisco camiñou ata Chanteiro, para falar alí cos seus vixías, os cales lle contaron que sobre as 16:30 do domingo 27 de xaneiro, unha embarcación de pesca íase a pique tras facer as sináis de ordeanza, pedindo auxilio e que sus restos “deberían de estar” pola praia de Canelas tras derivar polo forte vento. (Fermosa praia, situada no marxe norte da ría de Ferrol según se pasaba Cabo Prioriño cara o interior da ría, por desgraza tristemente desaparecida ao ser engulida polo muelle exterior construído na zona.)

Á mañá do 30 de xaneiro, zarpuo desde o porto de Mugardos unha embarcación para reconecer a zona onde se atoparan restos a flote da suposta embarcación sinistrada. Alí foi atopado o casco semiafundido do falucho San Francisco e remolcado ata o porto mugardés.

Fronte á magnitude da desgraza humana, o monarca español da época, Alfonso XII fai entrega de 6.000 réais

para socorrer ás aflixidas e necesitadas familias dos náufragos falecidos. O Ministro de Mariña, pola súa parte, entregaría 4.000 réais para as familias dos mariñeiros falecidos. Sumariáanse a estas cantidades as recadadas pola iniciativa do alcalde mugardés da época, Lucas Gelpi, que creou dúas comisións de socorro para asistir as necesidades perentorias das familias dos náufragos, unha na cidade de Ferrol e outra na mesma vila de Mugardos. Participaron nesta colecta a Capitanía Marítima, o Teatro Circo, tripulacións de barcos fondeados na ría de Ferrol, a Diputación provincial, veciños de A Coruña, as Casas de Galicia de Arxentina e Cuba, a subscripción creada polo xornal, El Eco de Galicia de Montevideo e tamén da propia capital uruguaia, que chegaron ás recadacións da Junta Central Española de Beneficiencia.

Ao funeral dos tripulantes falecidos pertencentes ao falucho San Francisco de Mugardos asistiron, entre autoridades e veciños do propio pobo, supervivintes doutro falucho mugardés que, en data próxima á perda do San Francisco, foise igualmente a pique preto do porto de Cariño, ao abeiro dun monte, protexéndose os sobrevivintes do temporal coa vela que conseguiran salvar do naufraxio.

Outras fontes nembargantes, danno como regresado san e salvo ao porto de Mugardos con toda su tripulación a bordo.

Aparece unha nova na prensa, en concreto no xornal, EL Correo Gallego, na súa edición do 12 de febreiro do 1884, no que se anuncia: “a los náufragos del falucho del Ferrol, Mayardo se les han concedido 2.000 pesetas, del fondo de calamidades.” Nova copiada do xornal La Correspondencia de España. Seguramente se trate doutro falucho mugardés matriculado na capitanía de Ferrol e do que descoñecemos o número exacto de falecidos, entre a súa tripulación.



O 31 de marzo do 1884, un bote de Mugar dos foise a pique polo temporal, perecendo no seu naufraxio seus dos únicos ocupantes, que eran pai e fillo.

O 15 de novembro do 1887, zozobrou na Punta do Segañ o falucho de Mugar dos, San Agustín, salvándose por fortuna toda a súa dotación. Nova publicada no xornal El Correo Gallego, o 18 de novembro do 1887.

O 23 febreiro do 1889 prodúcese o naufraxio do falucho mugar dós, San Juan, a segunda gran traxedia no que atinxe ás tripulacións de faluchos deste porto.

Con moito vendaval zarpara de Mugar dos e na tarde noite do sábado 23 de febreiro na compañía doutra embarcación de idénticas características. A parella púso rumbo a alta mar, calando o San Juan seus aparellos a unha distancia de 15 millas ao norte das Sisargas. Ás 11 da noite comezou a descargar un forte temporal, cegando ao seu punto máis álxido á unha da madrugada do día 24. A súa parella voltou a porto, deixando a terceira parte do aparello calado, abandonado. Pouco despois, perdería para sempre a luz cada vez máis feble e lonxana do farol do San Juan.

A última hora do día 24 de xaneiro, non existen novas sobre o paradoiro do falucho mugar dós e dede a súa propia localidade, envíanse telegramas aos cabos das axudantías de marina de Fisterra e de Vilagarcía de Arousa. O San Juan estaba inscrito na matrícula de Ferrol, ao folio número 9, pertencendo ao veciño de Mugar dos, Xaquín Rey, de 56 anos de idade, postrado no seu leito por unha enfermidade crónica, ademais de padecer unha situación económica precaria. A súa muller era unha anciá; tiñan sete fillosos e unha filla que adoptaran caritativamente, medio cega e enferma. Coa desaparición do San Juan, o señor Rey perdeu os únicos medios de subsistencia que tiña, tanto para él como para

a súa numerosa familia e para as dos náufragos, sendo unha perda irreparable a que sufriría no persoal, pois perdería no naufraxio á perda de dous dos seus fillos que formaban parte da tripulación do falucho desaparecido.

Cando xa se supoñía manifesta a perda do falucho San Juan, chegou a Ferrol este telegrama: “Sr. Comandante de Marina de Ferrol: Don Ramón Erquicia, capitán del vapor español Hércules, da parte a usted de que en el viaje de La Coruña a este puerto de Ferrol el día 3 de Marzo, ha encontrado al noroeste de La Marola, a la distancia de tres millas un falucho entre aguas, que me fuí enzima (así en el original) a reconocerlo, con objeto de si podía darle remolque más la mucha marejada que había, expuesto a esfondar una embarcación, y por otra parte por el demorar el pasaje y como en el tenía objeto no le di remolque, creí conveniente dejarlo y dar parte a usted de lo ocurrido.”

O domingo 10 de marzo, atópase un cadáver na praia de Canelas, na cara norte da entrada á ría de Ferrol, xunto aos restos dun falucho, que ben podían ser os do San Juan. O corpo, levaba posta unha chaqueta de augas, sudoeste e zocos. A uns metros de distancia, atopouse un pantalón curtado a coitelo, o que fai pensar que o desdichado náufrago quiso gañar a nado a beira do areal, ca hipótese de que o falucho fora finalmente a pique moi preto do Cabo Prioriño, ou que ben chegou á zona, arrastrado polas correntes ou polos ventos reinantes, ata a zona descrita.

O xoves día 11, a media mañá, na Comandancia de Marina de Ferrol procédese á identificación do corpo atopado, tratándose do tripulante, Juan Vilar Martínez, solteiro, de 19 anos, tripulante pertencente ao falucho mugar dós San Juan. Seu irmán Baltasar tamén morríría no naufraxio.

Tripulantes do falucho San Juan dados por desaparecidos:

- Patrón: Ferreol Vacós, 27 anos, casado e natural de Mugar dos, licenciado ao Servizo da Armada.
- Cayetano Rey, 19 anos, mugar dós, solteiro, fillo do armador.
- Francisco Rey, 14 anos, mugar dós, solteiro, irmán do anterior e fillo do armador.
- Francisco Sabio, 22 anos, mugar dós, deixaba viúva e dous fillos.
- Juán Álvarez, 39 anos, mugar dós deixaba viúva con cinco fillos.
- Esteban Casanova, 32 anos, veciño de mehá, deixaba a súa esposa inválida con tres fillos.
- José Salado, 34 anos, veciño de cervás, deixaba viúva e tres fillos.
- Juan López, 39 anos, solteiro, mugar dós, nai pobre e viúva a quen mantiña.
- Juan Prieto, 30 anos, veciño de mehá, deixaba viúva.
- Francisco, 26 anos, solteiro, mugar dós, sostiña a súa nai, avós e irmán. Deixaba un fillo e moza en cinta.
- José Alonso, deixaba viúva con catro fillos.
- Vicente Alonso, 30 anos, casado, con dous fillos e esposa agardando outro, irmán do anterior.
- José Villaverde, 22 anos, solteiro, sostiña a tres irmáns e a seus pais imposibilitados.
- Baltasar Vilar, solteiro de 25 anos.
- Juan Vilar, solteiro de 19 anos, de cervás, único corpo atopado e identificado.

O xornal galego El Siglo Futuro, anuncia na súa edición do 4 de marzo do 1889 da perda doutro falucho de Mugaridos, créndose que faleceron no naufraxio, na súa totalidade. Non se teñen máis novas. Pode ser unha nova contraditoria. Non en poucas ocasións a prensa da época desmentía en edicións posteriores a información publicada, tras aparecer a salvo a embarcación pesqueira que se cría afundida días antes.

O mes de marzo do 1889, ía ser dificilmente esquecido polo pobo de Mugaridos, que aínda non recuperado da perda de vidas humanas acontecidas do naufraxio do falucho San Juan, vai a sufrir a perda doutra embarcación da súa flota: o do falucho San José, que abandoara o martes día 21, ás catro da mañá a ría de Ferrol para adicarse á pesca da langosta. Sorprendida a súa tripulación ao día seguinte polo forte temporal, afundiuse a unhas 2 millas ao sur do Cabo Prioriño, cando voltaba a seu porto base no medio dun forte vendabal que fixo envorcar a embarcación. Só tres dos nove homes que ían a bordo poideron termarse á quilla do falucho, agardando a que algunha embarcación os auxiliase. Foi crucial a axuda efectuada polo fareiro desde Monteventoso, pois éste enviou un telegrama á Comandancia de Marina de Ferrol, no que daba conta do naufraxio e da necesidade dunha pronta rescate, aos tres homes que duras penas, aínda se mantiñan a flote sobre a embarcación envorcada e barrida polo mar. Dende o Arseal de Ferrol, enviouse un vapor na súa axuda que, ao chegar á bocana da ría tivo que voltar a porto, por non poder resistir o forte vento. Coma segunda alternativa, mandouse zarpar a un remolcador que, estando xa moi preto do falucho sinistrado, sufríu unha pronunciada escora polos fortes golpes de mar, tendo que abandoar a

O casco do falucho mugaridés desfíxose contra as pedras Fornelas deixando 9 falecidos:

- Patrón, Manuel González Moré, 36 anos, casado.
- Félix Ferrer, 60 anos, viúvo.
- Sebastián Ferrer, 16 anos, solteiro, fillo do anterior.
- Francisco, 25 anos, solteiro. Todos eles naturais da vila de Mugaridos.
- José Montero, 36 anos, deixaba viúva e un fillo de 5 anos.
- Manuel Villaverde, 36 anos, deixaba viúva e tres fillos.
- Rafael Balsa, un neno de trece anos. Todos veciños de Mehá.
- Juan Vilar, 36 anos, deixaba viúva e catro fillos, sendo o maior de 8 anos.
- Xoán Antón Dobal, 19 anos, solteiro, estos dous naturais de Chanteiro.

rescate para desgraza dos naufragos. O último home en atopar con vida aos naufragos do San José foi o patrón dun galeón, Jesús Rodríguez, ao que lle foi imposible auxiliálos polo mal estado da súa propia nave e polo grave risco da manobra de aproximación nun mar alporizado, tendo que continuar súa viaxe ata o peirao dos estaleiros de Esteiro. Como terceiro intento desesperado, ordeouse zarpar do arseal de Ferrol ao canoeiro Mac-Mahón, arribando éste sen contratempos ao lugar onde teóricamente horas antes ficaban os tres superviventes do naufraxio, termados á quilla do falucho sinistrado, pero xa era moi tarde. O Mac-Mahón voltaba ao seu punto de amarre nas dependencias da Armada EN Ferrol, sen atopar rastro algún dos corpos dos naufragos.

A vila de Mugaridos e toda a veciñanza da ría de Ferrol, sufriron a consternación e a traxedia, que ensañouse cos familiares dos mariñeiros desaparecidos.

Moitos habitantes das cidades de Ferrol e de A Coruña, participaron na axuda económica para estas xentes de Mugaridos e a súa contorna, destacando neste mester, o papel da Tuna Ferrolana e do Orfeón Coruñés, recadándose entre todos os colaboradores a suma total de 13.711,10 pesetas, que foi feita pública o xoves, 16 de maio de 1889.

É imposible esquecer a penosa operación de rescate organizada polos mandos militares do Arseal de Ferrol, para rescatar aos naufragos do falucho San José, onde ata tres barcos de distinto porte tiveron que zarpar na súa axuda, cando unha única orden dada ao mando do canoeiro Mac-Mahón, o barco de maior porte, houbera servido para que éste chegase a tempo para rescatar aos tres naufragos que nun primeiro intre sobreviviran ao naufraxio.

Perda do falucho de Mugaridos, San Telmo na costa de Cobas, sen que houbera que laiarse da perda de ningún dos seus tripulantes. 18 marzo 1890. El Correo Gallego.

O 16 de abril do 1890, o xornal galego El lucense, na súa edición deste día anuncia a saída a faenar de trece faluchos de mugaridos que son sorprendidos polo temporal.



O mes de marzo de 1889 marcou tristemente a historia de Mugaridos co naufraxio do falucho San Juan e do San José. Estas traxedias deixaron máis de 20 falecidos.

Un falucho zarpuo o 25 de febreiro do 1896 do seu porto base en Mugardos, para pescar langosta, sen que se tiveran novas do seu paradiro nos días seguintes. O seu armador era o veciño de Mugardos, Juan Antonio Rey Yánez e estaba patroneado polo tamén mugardés, Antonio Deus, pai de sete fillos e tripulábanno dezasete homes baixo as súas ordes, entre os que ían enrolados un mariñeiro da Armada española e un fogoeiro tamén da mariña de guerra de nome, Jesús Díaz Rey. Ambos achábanse con licenza e para subvenir ás súas necesidades adicáronse á pesca mentres ésta durara.

Tres días despois da partida do nomeado falucho do porto de Mugardos, o xornal El Correo Gallego, na súa edición do 29 de febreiro do 1896, recollía este párrafo na súa páxina 2, referente á perda desta embarcación de pesca: “las familias de los naufragos se han puestas de luto, y entregadas a un dolor sin consuelo, elevan a Dios las preces de los muertos por el descanso eterno de aquellos seres queridos que no esperan ver jamás.”

Tras varios días de especularse coa inminente perda do falucho San Antonio que algúns medios de prensa da época chamaban Lorcha, (El Correo Gallego, 28 febreiro 1896, p.2) ao non terse novas do mesmo, finalmente, os seus restos foron atopados entre augas catro días despois na praia de San Antonio, preto de Malpica. No interior

do falucho semiasolagado, flotaban un cesto de comida, unha botella de viño, unha boina e foron atopadas varias moedas de 5 centimos. Os dezoito homes que compoñían a súa tripulación foron dados por desaparecidos.

Unha vez máis, a vila mariñeira de Mugardos sufría

unha perda de vidas no mar, sendo un dos portos máis castigados ao longo da historia de Galiza, no que atinxe a perdas de vidas no mar.

O domingo 7 de marzo, estíbese a celebrar o entroido na cidade de Ferrrol. Unha comparsa mugardesa de nome Blanco y Negro, percorreu as rúas da cidade tocando seus instrumentos e cantando a coro coas súas voces mentras, simul-

taneamente, veciños de Mugardos e Maniños pedían axuda económica para as viúvas e orfos deste tráxico naufragio. Éstos últimos foron subidos á nomeada carroza dentro dunha buceta que pasouse polas céntricas rúas da cidade, recadándose preto de 4.100 pesetas da época para as familias dos naufragos.

O 19 de marzo, apareceron dous corpos en avanzado estado de descomposición: un no lugar de Penarriba e o segundo no lugar de A Coba, no Cabo Prior, que atribuíronse a dous dos 18 tripulantes desaparecidos do falucho afundido, San Antonio. A veciñanza de San Xurxo e Cobas, soterráronnos nos areais onde o mar os deitou.

En moitos destes naufraxios ocorridos, os corpos dos mariñeiros dábanse por desaparecidos e só atopábanse os restos da embarcación nalgunha praia.

Tripulantes do falucho San Antonio, dados por desaparecidos:

- Patrón, Antonio Deus Sabio, mugardés. Deixaba nai de 90 anos, muller e sete fillos menores.
- Manuel Pereira Yánez, mugardés. Deixaba nai viúva, muller e dous fillos menores.
- Francisco Carrera, mugardés, casado e con tres fillos pequenos. Sostiña a seu pai de 88 anos.
- Severino Zerbelo, solteiro. Tiña pais e catro irmáns. Natural de Mugardos.
- Damián Pedreira, deixa muller e seis fillos. Natural de Mugardos.
- Félix Fernández Casal, con pais e un irmán. Natural de mugardos.
- Jesús Díaz Rey, mugardés e fogoeiro da Armada española, deixaba á súa muller e un fillo moi pequeno.
- Nicolás Fernández Sánchez, deixa muller e cinco fillos. Natural de Mugardos.
- Rogelio Fernández Rodríguez, solteiro, vivía cos seus pais. Natural de Mugardos.
- Luis Blanco Canizo, deixa muller e catro fillos. Natural de Mugardos.
- Antonio Allegue, viúvo con catro fillos. Natural de Mugardos.
- Juan Martínez Castelle, solteiro vivía cos seus pais. Natural de Mugardos.
- José Mier Díaz, deixa muller e catro fillas. Natural da parroquia de Mehá.
- Ramón Allegue López, mariñeiro da Armada, deixa muller e tres fillos. Natural de Cervás.
- Juan José Fernández, solteiro, vivía cos seus pais e cunha irmá. Natural da parroquia de Cervás.
- Pedro Rodríguez Velo, deixa muller, aos seus pais e un fillo. Natural da parroquia de Cervás.
- Jesús Montes González, deixaba a seu pai e á súa nai, estaba solteiro. Natural da parroquia de Cervás.



O 20 de febreiro do 1897 a prensa galega da época recolle que 15 faluchos do pobo de Mugarbos, tripulados por entre 18 e 20 homes cada un, se dirixen ao norte de Cabo Priorioño á pesca da merluza a unhas 30 millas da costa.

Antes que rematase o 1897, un gran temporal que azotou a costa norte galega, esnaquizou a flota de embarcacións artesanais do porto de Mugarbos. Foi tal a desesperación que houbo entre os veciños, que fronte os berros de auxilio dos patróns e dos mariñeiros, tiveron que interceder para evitar que os seus homes se meteran nas axitadas augas, tentando salvar o sustento das súas familias. Prácticamente a totalidade do pobo quedou na máis mísera ruína despois de aquel suceso tan arrepiante, según informaban medios de comunicación como o xornal coruñés, La Voz de Galicia.

Foi un fin de século arrepiante para este porto mariñeiro, que vira mermado o seu número de traballadores do mar por mor de cinco naufraxios nos que faleceron ao redor de 50 homes e agora, aínda non

recuperado de semellante traxedia, súa flota artesanal ficaba reducida a achas e derrelictos flotantes.

No xornal El Día, da súa edición do 27 de xullo do 1905, cóntase a nova dun naufraxio dun falucho de Mugarbos do que non se especifica o nome, que se produciu o día anterior cando se atopaba a súa tripulación adicada á pesca da sardiña. Unha forte racha de vento fixo que a embarcación zozobrase, falecendo afogados catro dos seus sete mariñeiros, que quedaron baixo a súa quilla. Os tres restantes conseguiron salvarse ao ser rescatados por outra embarcación de pesca que se atopaba tamén faenando pola aquela mesma zona.

O 18 de xaneiro do 1916 un falucho de Mugarbos tripulado por seis homes, envorca polo forte temporal, morrendo afogado un dos seus tripulantes que é o fillo do seu patrón. Os cinco supervivintes foron rescatados por un vapor pesqueiro, ficando dous deles en estado moi grave. O vapor Marqués de Amboaje atopou o falucho entre augas traéndoo a remolque ata o porto de Ferrol.



Este século deixou un total de 5 grandes naufraxios no pobo con máis de 50 homes falecidos. Porén, se temos en conta a totalidade de accidentes deste tipo en Mugarbos, a cifra foi moito maior.

Resumo estatístico:

- Neste artigo, temos en conta coma embarcacións mariñeiras aos botes mugardeses afundidos no 1848 e 1884, dos que non se especifica que poidan ser faluchos, onde pereceron afogados 5 e 3 tripulantes, respectivamente.
- Tomamos o naufraxio da lancha de pesca mugardesa Antoiña no 1864, coa perda da totalidade da súa tripulación formada por 6 homes, coma un falucho de menor porte.
- Nos naufraxios dos faluchos mugardeses, Francisco El Sabio no 1882 e, Mayardo no 1884 sinalar que a prensa da época non especifica o número de mortes producidas en ambos os dous sinistros marítimos e que por precaución estableceremos nunha media de 5 por embarcación.
- As mortes causadas nos anteriores sinistros marítimos ascenden a 24 que sumadas ás 110 causadas polos naufraxios dos restantes 13 faluchos mugardeses acontecidos dende 1830 ao 1916, obtemos a arrepiante cifra total de 134 homes que o porto de Mugarbos perdeu, nun total de 18 naufraxios ao longo de 86 anos.



Apéndice histórico

“Mugardos, puertecito de mucho comercio de sardina y pulpo: no solo se pescan estas dos especies con abundancia en la ría y sus afueras, sino varias otras como son los lenguados, acedías, congrios, salmónetes y particularmente excelentes anguilas marinas llamadas por los del país Eiroas, con muchas ostras y otros mariscos.” Villaroel Pérez de Baños, José. Diccionario nomenclator de las ciudades, villas, aldeas, caserías, cotos, ventas, castillos, prioratos de todo el Reyno de Galicia, Santiago de Compostela, Juan Francisco Montero, 1810, p. 39.

“Los pescadores del puerto de Mugardos fueron los que se conservaron, lanzándose a la mar en sus faluchos para surtir al Ferrol, y aún á La Coruña, de los pescados esquisitos que producen los mares de aquella costa. La pesca consiste generalmente en sardina, merluza, abadejo, congrio, róbalo, besugos, pulpos brecas, merlones, libernas, doradas, salmónetes, lengüados, xureles y otros varios, que todos se consumen en fresco, a escepción del pulpo que se acostumbra a curar por los mismos pescadores de Mugardos.” Historia y descripción de la ciudad y del departamento naval de Ferrol, p. 486, Montero y Aróstegui, José. Imprenta de Beltrán y Viñas, Madrid, 1859.

Exploración científica de las costas del Departamento Marítimo de Ferrol. Paz Graells, Mariano de la. Establecimiento Tipográfico de T. Fortanet, Madrid, 1870. P. 423.

“El carbón que condujo a este puerto el vapor, Gille, se está descargando en La Redonda, está destinado a un depósito que establece junto á Mugardos una casa inglesa, con objeto de provistar de este combustible, á los buques extranjeros que lo necesiten.” El Correo Gallego, 21 de setembro do 1878.

“Decreto de pesca do 7 de novembro do 1883, levan á miseria a centos de familias de Sada e Fontán, que ficaron sen traballo, sendo tal a gravidade da situación que ne vista dos posíbeis altercados que poidan xurdir, a primeira autoridade da provincia enviou á Garda Civil, para garantir a orde pública. Os fomentadores, os grandes privilexiados e gañadores con este novo decreto da pesca, e axudados polo canoeiro Paz cuxo mando ordeou ao resto de embarcacións seus aparellos

”

Los pescadores mugardeses se lanzaron a la mar en sus faluchos para surtir a Ferrol y a Coruña de los exquisitos mariscos y pescados de sus aguas.

de pesca, levando o pánico ao resto das familias que neles tiñan traballo. Foi tal a situación de tensión que os propios fomentadores, acordaron remitir instancia ao comandante do canoero, que sen ter en conta os dereitos que eles poden facer valer polo novo decreto de pesca, permita ao resto de embarcacións mariñeiras con outros aparellos, saír igualmente ao mar a faenar para evitar graves disgustos e miserias ás respectivas familias que viven deles.

Pero aínda hai máis, á vez que isto acontece en Sada e Fontán, os pescadores de Mugardos despois da célebre división en dous, da ría de Betanzos, áchanse imposibilitados de exercer a súa industria e, según os nosos informes, hoxe mesmo acuden a los señores Capitán General e Ministro de marina, pedindo a revogación do decreto. Os que promoveron esta cuestión, só acadaron traer a miseria e a ruina para o país.

“Nuestras noticias coinciden con las de El Clamor: Los armadores, patrones y tripulantes de los faluchos de Mugardos que se dedican a la pesca, con jeitos, han elevado al señor Ministro de Marina una razonada exposición, pidiendo que se derogue la parte del decreto del 7 de noviembre, que se refiere a ellos.” El Correo Gallego, 14 de diciembre de 1883.

Neste mesmo ano do 1897, en concreto o 29 de setembro, arribaban á cidade de Ferrol, douscentos romeiros a bordo de varios faluchos de Mugardos que viñan

do santuario da Virxe da Pastoriza. El Correo Gallego, 30 de setembro do 1896, p.2.

La Correspondencia Gallega, edición do 20 de maio do 1903: “Anteayer se desembarcaron 280 millares de sardinas que pescan los rapetones de Sada y Ares y 14 faluchos de Mugardos condujeron 100 cestas de merluzas.”

Gaceta de Galicia a través do Correo de Galicia, na súa edición do 14 de outubro do 1903, publica: “Los pescadores de Mugardos se quejan de que los vapores franceses de pesca les estropean los palangres y levantan los rizonos. Invaden hasta las aguas jurisdiccionales y no respetan las luces de señal de los faluchos.”



Os mariñeiros dos faluchos mugardeses tiveron moitos problemas cos pescadores dos vapores franceses. Dos cales, dicían, non respetaban as súas augas ni os seus aparellos de pesca.

As fontes empregadas para procurar información foron:

- Villaroel Pérez de Baños, José. Diccionario nomenclator de las ciudades, villas, aldeas, caserías, cotos, ventas, castillos, prioratos de todo el Reyno de Galicia, Juan Francisco Montero, 1810.
- Montero y Aróstegui, José. Historia y descripción de la ciudad y del departamento naval de Ferrol.
- Paz Graells, Mariano de la. Exploración científica de las costas del Departamento Marítimo de Ferrol.
- Meijide Pardo, Antonio. La penetración económica catalana en el purito gallego de Mugardos (1760-1830). Departament d'Historia Moderna, Facultat de Geografia e Història, 1984.
- Patricio Cortizo, Fernando. Historia da costa galega e os seus naufraxios S.I-XIX.
- Patricio Cortizo, Fernando. Historia da costa galega e os seus naufraxios S.XX.
- Máiz, Bernardo e Freire, Enrique. As embarcacións tradicionais do arco ártabro a Ribadeo.
- Patricio Cortizo, Fernando. Naufragios y crónica marítima de Galicia hasta 1899.

- España, Ministerio de Defensa, AGMAB, Legajo F 7866, Ayudantía Militar de Marina del Distrito de Mugardos, causa nº 384.
- España, Ministerio de Defensa, AGMAB, Legajo F 7866, Ayudantía de Marina del Distrito de Mugardos, Comandancia Militar de Marina de la Provincia del Ferrol, causa nº 441.
- España, Ministerio de Defensa, AGMAB, Legajo F 7106.

- Boletín Mercantil e Industrial de Galicia, nº 58, 14 de marzo do 1848.
- El Espectador, 17 de decembro do 1848.
- Eco Ferrolano, 28 de xullo do 1864
- El Siglo Futuro, 18 de xaneiro do 1916.

...

Un percorrido pola Mugardos Romana

Mugardos conta con restos arqueolóxicos significativos polo que consideramos de especial interese o esforzo para o seu estudo e posta en valor. O patrimonio colectivo ten que ser protexido porque é un legado que vén dos devanceiros e que ten que chegar aos descendentes. Nesa dinámica estamos no dereito e na obriga de saber que é o que protexemos e o que legamos, e para iso é necesaria a procura de datos a través da escavación arqueolóxica e o estudo de materiais..



MARÍA J. LOIRA ENRÍQUEZ

SUSANA RICART GUILLOT

Antes de entrar en materia imos comezar aclarando dun modo sintético o significado de dúas tipoloxías de asentamento romanas: o aglomerado e a villa. Na época romana a villa é un establecemento de carácter rural, unha vivenda de maior ou menor suntuosidade pero sempre cun alto grao de solidez e calidade mesmo en ocasións de considerable riqueza, e pertencente a un só propietario. Namentres que as pequenas poboacións, que non alcanzaban a categoría xurídica de cidades, terían denominacións como vicus, conciliabulum, forum, castellum, etc., e na actualidade englobábase baixo o nome de aglomerados secundarios, seguindo a historiografía francesa, ou small towns, seguindo a inglesa. Trátase de asentamentos de pequeno tamaño, de carácter aberto, con diferentes características e funcións e cunha poboación acorde.

O termo villa modificará o seu significado posteriormente na época medieval cando pasa a denominarse deste xeito a unha pequena poboación, e así




chegamos a actualidade en que se mantén o nome para unha localidade dun tamaño menor con certa relevancia histórica.



É dicir, que a actual vila de Mugar dos sería conceptualmente un aglomerado ou small town no momento romano, e ao seu redor habería outros asentamentos entre os que se encontraría a villa de Noville, unha gran casa pertencente a un rico propietario.

A poboación romana estaba localizada na enseada de Santa Lucía, onde ao longo dos anos foron aparecendo restos arqueolóxicos que se interpretaron nun principio como pertencentes a distintos xacementos –Santa Lucía (GA15051005), Mehá (GA15051007), Caldoval (GA1501008) e San Vicente de Mehá (GA15051010)-.

A información extráese principalmente das intervencións efectuadas desde o ano 2000 ao 2006 na área de Caldoval, baixo a dirección de Susana Ricart, unha das asinantes deste artigo, e da prospección xeofísica e visual que realiza a Asociación



Xacemento de Noville
O Seixo




Aglomerado de Caldoval-Mehá e villa de Noville.

de Estudios Medievales Asseconia en colaboración con investigadores do University College of London en 2012 (Carlsson-Brand et alii, 2016). O embate do mar e a transgresión mariña deixan ao descuberto pola liña de costa un espazo de ocupación practicamente continuado desde a área de San Vicente ata Caldoval. As características dos restos atopados, que en ningún caso presentan elementos suntuarios propios das villae, tal como sucede en Noville - cun hipocausto de boa factura dentro dun edificio sólido, onde se puideron constatar teselas, chans preparados para mosaico e fragmentos de enlucido e estuco (Pérez Losada, 1997)-, xunto coa superficie de

Intervencións Arqueolóxicas

- 2000-2006 Susana Ricart (excavacións)
- 2012 Asociación Estudios medievales Asseconia (prospeccións)
- 2014 Simón Pena Basso (sondeos)



Localización dos xacementos que se engloban dentro dunha mesma poboación, a Mugardos romana, e liña de costa aproximada en época romana.

ocupación, convidan a pensar nunha poboación de apreciable tamaño, entre 6 e 10 hectáreas, xa que hai que ter en conta que a transgresión mariña destruíu boa parte do xacemento.

Na súa parte leste, zona denominada Caldoval, localizáronse unhas termas que no seu momento foron trasladadas ao Centro de Interpretación situado no Camiño do Cemiterio, dentro do mesmo concello de Mugardos.

Desde un principio descartamos que se trata-se do balneum ou espazo termal dunha villa polas características que presenta, xa que non se constata a riqueza ornamental ou a complexidade planimétrica que se recoñecen nestas estancias das villae tardoantiguas (García-Entero, 2005-2006), decoradas con mosaicos e pinturas como as achadas no próximo exemplo da villa de Cambre (Loira Enríquez, 2014).

Pola contra, en Caldoval constátanse unhas termas de calidade limitada, que parecen corresponderse cun espazo público acorde coa categoría da

poboación, un lugar onde habitantes e viaxeiros puidesen facer usos dos baños, unha actividade intrinsecamente relacionada coa vida romana.

A súa localización no porto natural de mellores condicións da área noroccidental leva a pensar en vías marítimas que tivesen o seu percorrido por este

lugar e consideramos que as termas pertencen a unha mansio viaria, ese lugar de parada no camiño onde se poden atopar todos os servizos que precisa un viaxeiro, xa que atopamos no xacemento unha serie de características que conforman este tipo de establecementos e que enumera Espinosa Criado (2011-2012): un fácil acceso desde a calzada –indubidablemente

te teno desde o mar pero con toda seguridade houbo vías terrestres cara ao interior, un tema que non é posible abarcar neste intre-; un bo abastecemento hídrico a través de canalizacións achadas durante a escavación, mesmo cun desaugadoiro cun tubo de chumbo; un patio aberto; área termal; zona de alma-

”
En Caldoval constátanse unhas termas que parecen corresponderse cun espazo público onde habitantes e viaxeiros podían facer uso dos baños.



Restitución hipotética da decoración pictórica do frigidarium da villa de Cambre (Museo de Cambre).

céns; muro periférico; e diferentes habitáculos que poden ser interpretados como aposentos para hóspedes ou espazos para o persoal de servizo.

Aínda así, non temos a plena seguridade de que sexa unha mansio viaria. Outra posibilidade é que se tratase dun balneum meritorium, é dicir, termas de propiedade privada pero de uso público (Fagan, 2002: 193), existentes nas poboacións romanas, onde se cobraba unha determinada cantidade para poder acceder a elas. Por tanto, sempre ante unhas termas públicas, como expuxemos no Congreso Internacional de Termas Públicas de Murcia (Ricart Guillot e Loira Enríquez, en prensa), xa que os espazos termais privados caracterízanse, como dicíamos anteriormente, por un ostensible aparello decorativo, que tamén existe en termas públicas de outras cidades de importancia.

As de Caldoval constaban de hipocausto, un sistema de calor radiante que se expandía por chans e paredes grazas a un sistema de pilae baixo o pavimento e concamerationes parietais, e producido desde os fornos ou praefurnia, que tamén servía para caldear a auga dos baños quentes. Aquí chegou a haber dous, polo que podemos supoñer que se tiñan a necesidade de conseguir unha gran cantidade de auga quente, o que se pode traducir en que se trataría dun lugar moi frecuentado polos habitantes desta época.

Con todo, non aparece pintura muraria. Sen ningunha dúbida tivo que habela pero a pouca calidade do pigmento ou quizais unha mala elaboración, impediron que os seus restos permanecesen ata a actualidade. A piscina do frigidarium estaba recuberta por un tipo de morteiro hidráulico de mala calidade.

”

As termas de Caldoval contaban con hipocausto, un sistema de calor radiante producido polo calor dos fornos que tamén quentaban as augas.



Elementos característicos de mansio viaria localizados no sector de Caldoval.



Ao longo dos anos, as termas sufriron moitos cambios para irse adaptando aos novos modos de vida dos habitantes da Mugardos romana.



Piscina do frigidarium na consolidación durante a súa escavación.

Todo iso é un indicativo de que se trataban dunhas termas de uso público propias dun aglomerado secundario nas que entrarían persoas de diferente categoría social, todo o contrario a un balneum privado, do que só desfrutaba o rico dono da casa e os seus convidados.

Estas termas sufriron ao longo dos anos, diversas modificacións porque o edificio estivo en activo desde o século I d.C. ao VI d.C., un longo período de tempo para cambios nos modos de vida dos habitantes da Mugardos romana, motivados por diferentes factores políticos, sociais e mesmo relixiosos, xa que a cristianización imprimiu unha clara decadencia a este tipo de espazos. Pero durante practicamente todo o período romano houbo unhas termas en Mugardos que serviron para o uso e goce de todos os seus habitantes. Cando no século III d.C. o posesor da villa de Noville edifica o baño privado na súa residencia, as termas de Caldoval levan en funcionamento arredor de dous séculos.

Posiblemente nunca atopemos restos monumentais na área de Mehá-Caldoval, pero non é obxectivo da arqueoloxía buscar unicamente grandes monumentos. O seu propósito é coñecer o modo de vida no pasado; saber como eran aquelas xentes que nos legaron unha lingua, unha relixión, e probablemente parte do noso modo de ser e de sentir, e quizá moito da nosa organización e desorganización. Todo iso é o que debemos de buscar en Mugardos porque, coa información da que dispoñemos na actualidade, estamos diante da poboación romana de maior desenvolvemento da ría de Ferrol, por tanto, lugar clave na articulación territorial dun espazo que transcende a superficie do concello.

As fontes empregadas para procurar información foron:

- CARLSSON- BRANDT FONTÁN, E. et alii (2016): “Prospección arqueolóxica en San Vicente de Mehá (Mugardos). Un territorio costero entre a antigüedad y la alta edad media”, Gallaecia, nº 35.
- ESPINOSA CRIADO, : “Aspectos definitorios de las estaciones viarias en el nordeste peninsular.”
- FAGAN, G.G. (2002): Bathing in Public in the Roman World, Michigan Publishing.
- GARCÍA-ENTERO, V. (2005-2006): “Las transformaciones de los balnea rurales domésticos durante la Antigüedad Tardía en Hispania (ss. IV-VI)”.
- LOIRA ENRÍQUEZ, M.J. (2014): “Pinturas murales del yacimiento romano de Cambre.
- PÉREZ LOSADA, F. (1997): “Sobre a villa romana de Noville (Mugardos).
- PENA BASSO, S. (2015): Control arqueolóxico de remoción de terras para instalación da rede de distribución de gas natural na rúa Santa Lucía (Mugardos, A Coruña).
- RICART GUILLOT, S. y LOIRA ENRÍQUEZ, M.J.: “Termas del yacimiento romano de Caldoval (Mugardos, A Coruña)”, Congreso Internacional Termas Públicas de Hispania.


Loli Santalla

Papá, mamá... e Loli! Contan por Mugardos que esas eran tres das primeiras palabras que aprendían a dicir os pequenos da vila cando comezaban a falar.

VERO RILO



Loli, Loli a do quiosco, Loli Santalla, para min a tía Loli, para os papeis Dolores Fernández Cartelle, nacida o 13 de marzo de 1945.



Loli na entrada do quiosco, cando xa lindaba ca barbería do seu pai.



No quiosco con amigos, a muller do centro é Pepucha, irmá de Loli.

FASCÍCULO I

“Papá, mamá e Loli. A familia”

A irmá da miña avoa Pepucha e de Herminio, Antonia e José David. A filla dos meus bisavós: abuela Pepita, costureira e coidadora dos seus, e abuelo Santalla, barbeiro. Din que a súa barbería era o centro de reunións dos homes da vila. Eu non o sei, que xa non lembro. Que triste é non lembrar...

Do que si que me acordo é dos carros de madeira que facía con caixas da froita, e dos hórreos. Teño recordos difusos das súas caras e dos xantares cheos de xente na casa da rúa María: pequenos e pequenas nunha mesa, adultas noutra, o resto polas escaleiras que daban ao piso de arriba.

Non ascendín, ata o momento, de mesa, continúo na dos pequenos.

Familia grande e querida. É o que ten.

Papá, mamá e Loli...

A última vez que fun visitar a tía Loli ela contábase-me do seu avó:

“Mi abuelo, estuvo en Cuba, no lo conocimos, no tenemos ni una foto. Mandó muchos cuartos para las escuelas, para mi madre, para todo... para venirse para aquí, que no era vida, por la carretera, che daban o alto e todo, aquí comía en la barbería. Viñeron

a vivir aquí e deixaron aquela casa que eran todos barrotitos... siempre me quedó pena de no pedir para volver a ver esa casa por dentro”.

Tamén houbo palabras para abuela Pepita e de abuelo Santalla:

“Ahora tengo postales que estoy leyendo con una lupa...

San Sebastián, playa de Baños, querida esposa deseando que estéis afortunadamente todos de buena salud, quedando la mía bien por el momento. Pepita esta es para decirte que ya estoy ahora un día más cerca de Bilbao. Dales muchos besos a los niños y tu recibe el corazón de un buen esposo. Año 37”

“Pues mira, mi madre era de Cervás y mi padre vino para hacer la mili aquí que era de Lugo y lo cogió la guerra. En el frente de Aragón lo hirieron de bala y mi madre quedó en casa al cuidado de mi abuelo encamado, con dos hijos y esperando a la tercera, somos cinco. A ella la mandaron para trabajar al Casino de Cervás, donde están las escuelas, cosiendo, que mi abuelo mandara mucho dinero para allí.

Vinieron los soldados a hacerla trabajar, hacían camisas, a mi madre la mandaban embolsillar.

Vienen dos chicos, dos chicos guapísimos dijo mi madre, dos guardias, de allá arriba, de Montefaro:

-Bueno y que es lo que hace usted?

-Pues mire- colleu as camisas para entregar.

-Abra el bolsillo.



Loli de pequena na bicicleta. Pode verse o primeiro quiosco ao fondo.

*“Pepiño, soy Pepita, espero que seas Pepiño Santalla”.
Y en todos los bolsillos así.”*

En todos os petos das camisas, aqueles gardas, atoparon a mesma nota, que Pepita escribía coa esperanza de que algunha delas chegara a mans de Pepiño. Conmoveume saber diso, das historias gardadas, dos papeis da memoria, dos panos bordados que hoxe, si, chegan ata nós. Se cadra xa sei un pouco máis de onde veño. Cara onde vou. Con papá, mamá e Loli.

Tamén me contou que el “era guapo a rabiari”, o seu papá.

FASCÍCULO II

“O quiosco”

Obrigado capítulo dous. Poderíamos separar as palabras Loli e quiosco?

“A mí a los 60 me retiraron, ya te contaré que me llegó una carta”.

Me retiraron. Creo que esas dúas palabras que me dixo poden resumir todo.

Foi aos 5 anos que chegou a Mugardos dende Cervás. Aos 8 comezaba na escola, para deixala aos 12. Foi entón cando comezou a traballar no quiosco.

“O negocio nun principio era da súa irmá maior, tratábase dun quiosquiño de madeira na beirarrúa en fronte da barbería do seu pai” cóntao así a neta, Lara, que coñece moi ben a historia “No ano 1962 cambiou o seu quiosco porque o anterior rompeu e cambiárono por un de formica no mesmo sitio. Despois dese quiosco, o seu pai decidiu dividir a barbería para que fose metade quiosco e metade barbería, pero quedou pequeno co tempo e alugou un baixo onde se atopa hoxe en día”

E foi así como foi evolucionando o negocio dun lado ao outro da rúa, e como foi pasando o tempo e o pan de figo e os anisets de 5 céntimos comezaron a convivir cos cromos, xoguets e o tabaco, cos Celtas, Peninsulares e Bisontes por unidades.

Chegaron as pipas Airas que compraban por quilos e vendían en cucuruchos; o silencio no cine xa non volveu ser o mesmo...

Seguro que moitas de vós lestes os tebeos que vendeu durante toda a súa vida: chistes Florita, El capitán Trueno, El Jabato, Roberto y Pedrín... Tamén as novelas de Corín Tellado e Carlos de Santander, que se cambiaban a 20 céntimos... ata que chegou a Súper Pop.

Tamén apareceron como quen non quere a cousa as barras de chocolate Nestlé, e houbo unha vez que os de Mimo quixeron levar a Loli con eles por boa vendedora. Ela non marchou, aínda quedaban por chegar as gomas de mascar Bazoca, sempre na boca, os bolsos e a bixutería... e o relevo, que collería María, a súa filla.



O negocio foi evolucionando e o pan de figo comezou a convivir con cromos, tabaco, xoguets...A todo isto sumáronse as pipas Airas, os tebeos e a Super Pop.

María leva case vinte anos no quiosco... *“tuve una buena maestra que vivió siempre mucho su profesión y que era muy feliz en el quiosco trabajando, que amaba su trabajo y eso, claro, se nota en los resultados (...) la clientela se convierte en una gran familia, muchas generaciones pasaron por allí, hay quien ya trae a los nietos”*

Eu despois de escoitar a María lembro o que dicía a miña tía de que antes os xornais se vendían a centos e agora nin corenta, penso no pequeno comercio, no trato familiar, en como nos deixamos levar pola trampa de mercar fóra da vila... En fin, penso nesta época, de Covid e afectos, no achegado, nunha muller que levantou oficio e familia entre caramelos e xeados.

Encántame escoitar a miña tía lembrar cando tiñan o carriño e ían polas festas, o traballo que daba facer os xeados artesáns *“Helados Camay era los que teníamos que tener comprado (ri) y mi madre no quiso...*

nosotros estos los hacíamos naturales. Costaba mucho trabajo, teníamos que buscar la leche a la plaza, se acababa, no había; teníamos que buscar azúcar, los barquillos a las monjas. A Toni le tocaba lo peor que tenía que

ir a la fábrica de hielo, de la lancha a la fábrica de la fábrica a la lancha, con sal, que no hiciese mucho sol... picarlo todo...

Teño ido ás 6 da maña e levar a xerra co meu pai a Pontedeume a buscar o leite...”

Pero a miña bisavoa vese que optou por Helados Santalla, que trouxo traballo e tamén bos momentos:

“Íbamos a las fiestas, a San Antonio, a Lubre, a

las playas... era horroroso meter ese coche en las playas. Los helados caseros, tirando con la bici... ou empuxando ata os Corzás, e logo el (o seu irmán) collía velocidade e chegaba a casa de Rosita de Germán e sentábame agarrada e chegábamos á fonte de Ares, aquela que había co charco, e xa paraba e eu baixaba e xa íamos para a porta do cine así. E ríamos...”

Loli amaba su profesión. Era muy feliz trabajando en el quiosco y le encantaba su trabajo y eso se notaba en los resultados, la clientela se convirtió en una gran familia.



Carriña de "Helados Santalla".



Loli co seu irmán José David no quiosco.

Deu o quiosco e o carriño tempo de risas e tamén de roubos, catro da mesma banda, conta ela. Tamén conta algo dun sancristán que non me atrevo a poñer por escrito, e da media ducia de paraugas que vendeu nun día de pleno agosto, e da muller que case dá a luz alí, ou da que foi buscar caramelos para a tose e levou un setenario e esqueceu os caramelos... Non conta moito da libreta de débedas, ou da cantidade enorme de facturas de teléfono que tivo que pagar... *“e que sempre viña alguén para pedir chamar e... e que vas facer?”*

Sempre foi xenerosa, no contar e no dar. É o que levamos. Iso e as aventuras con poucas desventuras dunha muller alegre e independente á cabeza dun quiosco...

FASCÍCULO III

“Aquel baile e o olor a tabaco. O amor”

“Yo los tuve así y nunca los quise” Despois desta declaración que me facía a tía Loli entre risas pouco teño que dicir...

Non quixo a aquel que a levava en cabalo, nin aceptou casar co outro que traballaba no circo, despachou rapidamente ao que entrara no quiosco con ánimo de rirse dela *“uno se pensó que yo le iba a aguantar las estupideces, abrí la puerta que comunica, llamé a mi padre y le dije papá por favor véngame a echar a este chico fuera. Oes, se a pequena che di que marches, marchas.”*

Conste que cando me falou daquel rapaz do circo imaxineina por un segundo subida á corda frouxa, con traxe axustado de pedriñas brillantes e unha fermosa pluma no cabelo, coma unha equilibrista.

Pero non, ela non dixo que si ata que chegou o tío Ignacio, tío Nacho que lle dicía meu pai. Grande, roxo, fumador de BN.

Ela coñecía de toda a vida, de Cervás, casa con casa, pero non foi ata un San Antonio no Lodairo que *“me gustó una chispita que le vi”*. Aquel día el preguntoulle polo seu irmán Minucho e logo por se quería bailar *“Pero quieres bailar? Estás colocado? Niñas, voy a tomar una tónica... Ignacio tienes que tomar otra. Venga, ahora vamos a bailar”*.

E di que esa foi a única vez que bailou o tío Ignacio, nin o valse da voda. Supoño que soubo elixir ben o día do baile...

Pese a iso a cousa quedou neses pasos ata catro ou cinco anos despois que coincidiron nun casamento, logo chegou o reparto de agasallos e o momento de marchar a Piscis, ela sentou diante con el no coche, deixaron a xente en Sada e logo eles foron ata o Pazo de Meirás. El andaba sen tabaco, co que



Aquel día Ignacio preguntoulle polo seu irmán e tamén se quería bailar. E Bailaron. Di que foi o único día que o tío bailou, Ignacio soubo elixir ben o día do baile.



Loli no interior do quiosco, coas lecturas, charlas e amizades.

lle gustaba fumar, e ela entroulle a un bar a pedir un paquete de Águila. El pasou vergoña por entrar nun bar e non tomar nada pero continuou o día e fíxolle un agasallo dunhas cadeiras de brazos en miniatura que aínda conserva a miña tía na casa. E Piscis e... e ao día seguinte era o Pote en Maniños.

-E logo non vas ao Pote?-preguntoulle el a ela.

-Mamá, me voy a cambiar un poquito que voy a ir al Pote -díxolle ela á súa nai.

-E que se che perdeu a ti no pote? -unha pregunta moi típica de toda nai...

-Pero vamos a ver, ti que lle queres a esta nena? Unha moza con 32 anos e non pode ir ao Pote? -dixo o seu pai.

Conta miña tía Loli que ao Pote foron *“ao pote fomos pero non había sitio onde deixar o coche, e... alá fomos para o Beirú, as cafeterías que estaban de moda, ao Cantón, o outro lado... Alá chegamos ás 2 da maña e deixoume no Estanco. Y ya nunca más, ya no nos separamos nunca más”*.

Un 27 de agosto mocearon e un 28 de novembro, tres meses despois, decidiron casar. Loli tiña 32 anos.

“Estábamos muy enamorados, los niños lo querían... es que no sabíamos salir el uno sin el otro”.

Logo empregou o tío Ignacio no quiosco e di que lle valeu a vida, que foi cando chegou a venda de xornais e que el rapidamente se adaptou.

Eu lémbrome con moito cariño del, que marchou antes de tempo. Foi unha noite no hospital, pasando meu pai a noite con el, todos os sobriños miraron polo seu tío, o tío Nacho, grande, roxo, fumador de BN. O home que pasou vergoña por aquel paquete de Águila, o que pasaba horas na parte de atrás do quiosco coas devolucións, o que camiñaba daquel xeito polo problema do pé, o que cociñou sempre na casa e do que nos lembramos todas, tamén Loli, con todo o amor do mundo.

“Aunque riñamos te quiero” díxome que iso poñía unha nota, nun ramo de flores que el lle enviou. O amor con todas as caras. Aínda queda aquel baile e o olor a tabaco.

FASCÍCULO IV

“Pendientes do 77. O tumor”

Traballo, amor e saúde. Tres clásicos. O último deulle algún susto a Loli, en concreto catro. Catro operacións na cabeza, todas tumores que non lle roubaron a vida nin o humor.

Foi ese o motivo de que no ano 77 tivera que viaxar en tren até Madrid, coa súa irmá Toni. Alá chegou á Ruber *“parecía un Corte Inglés, la gente subiendo y bajando por aquellas escaleras, tenía muchas salas, me miraron muy bien”*.

Desde aquela noite que pasamos polo Potè... e acabamos no Beirú e noutras cafeterías de moda, non nos volvemos a separar máis.

Conta que alá lle diagnosticaron un tumor, despois de mirar unhas radiografías que ela levaba consigo.

-Pero esta radiografía no pone el año -díxolle o médico a miña tía.

-Ya, pero es de este año, del 77, lo sé por los pendientes que llevo puestos.

-Pero no se pueden hacer radiografías con pendientes ni con ninguna joya.

-Pues me los regalaron un año antes...

-Bueno, tiene un tumor, es bueno, tiene que esperar los resultados.

E así foi como esperou.

-Bueno, gallega, ya sabe que vamos a tener que cortarle el pelo.

-Ay, pues mi padre es barbero. Póngamelo al cero, que estoy rodando una película (risas).

-¿Conoce usted a Rafaela Carrá?

-Como no la voy a conocer! Tengo un quiosco y vendo sus revistas!

-Pues Rafaela está ahora en La Latina con una obra y una calva.

-Ay, pues calvas también vendo.

-Pero vende usted de todo.

-Sí, hasta la Entreviú!

E así foi como saíu de quirófano, co mesmo humor e setenta e pico puntos que lle contou miña tía Toni.

-Esa es mi hermana, que ya la escucho llegar.

-¿Loli, y como lo sabe?

-Porque siempre me gustaron los tacones y esos tocan fuerte a mi hermana.

Tamén saíu cun hematoma enorme que non lle quitou as ganas de ir pasear aos tres días.

-E poderemos Loli? No nos reñirán?

-No, mujer, tu sácame a pasear.

“Y ya nos llamaron la atención”.

Despois de case un mes, miña tía regresou a Mu gardos e seguiu co seu quiosco de sempre, outra operación, a familia, dúas operacións máis, o seu amor e a vida, que é así de ir e vir como ela quere. Desta volta con fortuna.

FASCÍCULO V

“Inocente, inocente. O humor”

Definitivamente é o humor o que nos salva.

Se tivese que definir a miña tía Loli non sabería por onde comezar a facelo. Será por iso que levo meses intentando escribir isto sobre ela, tendo á espera destas letras a toda a xente activista de Apelón Educación, que agardan pacientemente para maquetar a súa nova revista. A elas quero darlles as grazas por querer ter este cariño con Loli e por darme a oportunidade de compartir estas palabras con todos vos.



A tía Loli díxolle ao médico que a radiografía onde lle atoparon o tumor era do ano 77 porque recoñecía os pendentes que levaba postos.

Moitas grazas. Tamén por todo o traballo incansable que facedes por e para a nosa vila. Tamén é isto que nos salva.

O humor, o quererse, o ser pacientes, o traballo mimado e cuidado...

E si, definitivamente Loli é o humor.

Canto me rin con todas as anécdotas que me contou vendo postais, libros e fotos. Chegamos despois de case dúas horas á sección do Entroido. Para as que non o saibades o entroido é unha das súas festas preferidas.

Unha vez veu pasar unha comparsa por diante do quiosco e alá foi con ela ata o peirao, deixando o negocio só e aberto. Así é ela. Xa lle vén de familia, de cando ían cos paxariños ás festas, co piano de manubrio, a adiviñar as sortes, cantar, bailar e rir.

Vexo unha foto dela disfrazada de Elvis cunha guitarra de plástico e vénme a risa.

“Este un día calquera, vestinme así e baixeí ao bar, así tal e como estou de Elvis Presley e con Mari Carmen de rumbera... e fomos pola tenda a 100, polo centro de saúde...”

E de anano, de Pipi...”

Conta entre risas, que hoxe me costa transcribir, os guateques que facían e polos que Chicha queimou as pestanas.

“Facíamos os guateques na casa da miña prima, os chicos fumaban. Cando pidan un cigarro os que teñen petardo son os que están para abaixo. Mira explotaban de tal forma... e vai Chicha e non colle un, miña pobre que empezou a chorar e berrar: ay, mis pestañas, mis pestañas!”

Ao contarme o dos petardos lembreime dos polvos de esberrar. Quen non mercou bombas fétidas, petardos e polvos na de Loli no Entroido?

“Y con los polvos de estornudar!!! Ya no los podía ni vender, ja, ja, ja, ja...! Pues te cuento que fuimos al Casino y no teníamos sitio, que todas se ponían en la escalera y entonces dije yo aquí si hubiera polvos de estornudar no había nadie...y yo vi al guardia civil que siempre me venía a comprar y sabía que tenía y fui a pedirle... y allí

”

O entroido é unha das súas festas favoritas. Unha vez marchou coa comparsa ata o peirao deixando o quiosco solo e aberto. Así é ela.

echamos y todo el sitio para nosotras, para ir al baño para todo... pero los Duendes, los buenos, se fijaron, y después vinieron los Players y ya dijeron bueno, hay aquí unas chicas entradas en años que dejen de echar polvos

de estornudar que no pueden los músicos soplar. Ay, pues fíjate esas que venden los polvos de estornudar... (risas, muchas risas)”

Aínda estou rindo agora volvendo escoitar estes audios, dos que intento achegarvos un pequeno pe-tisco. En realidade, cinco fascículos, dos cales este é o último.

Quería despedirme de vosoutros rindo, lembrando unha vida chea de historias, a unha muller que fixo e desfixo como quixo, que levou o seu negocio, que vendeu paraugas en días de sol, que criou unha filla e que mandou a media vila a pola pedra de afiar agullas.

Pero, se cadra, esta xa é outra historia que gardo para contarvos noutra ocasión.

Grazas tía Loli.





Teruca Bouza e Bello Piñeiro con socios/as no local social "Casa do Patín". Ano 1928.



JORGE GÓMEZ RODRÍGUEZ

A Sociedade de Amigos da Paisaxe Galega do Seixo

No ano 1926, un grupo de veciños de O Seixo, reúnense co fin de adquirir uns terreos para trasladar alí as famosas festas do Seixo, dende o lugar onde se estaban a celebrar ata ese momento, no Souto de Xoana, por estar lonxe da vila e polo deterioro do Souto.

Para poder mercar os terreos deciden crear un instrumento xurídico, e este é o nacemento da Sociedade Amigos da Paisaxe Galega. A Sociedade crease o 25 de setembro de 1927, data na que se inscriben os seus estatutos que foran aprobados o 14 de setembro dese ano. Asinan Felipe Bello Piñeiro, Jesús García, Federico Casteleiro Vila, Marcelino Bayolo e Pedro Díaz Rodríguez del Casal.

A primeira xunta oficial tivo lugar o 10 de outubro, sendo elixido presidente, Federico Casteleiro Vila. O seu primeiro local social estaba situado no peirao, na chamada Casa da Rampa, antiga fábrica de salga. En abril de 1928 trasladouse ao seu novo local, situado na estrada do Seixo, na casa coñecida como a do Patín, onde estivo ata outubro de 1935.



"Himno al árbol" Real Coro Toxos e Flores. 1927.

Os primeiros anos da SAPG foron dunha gran actividade cultural. A Sociedade contaba con dous grupos de teatro que actuaban por toda a comarca, chegando ao escenario do Teatro Jofre de Ferrol. Buscaban recadar fondos para o pago e reformas do campo da festa en Beiramar. Realizaban ademais numerosas actividades como excursións, nas que contaban coa colaboración de outras sociedades como os Amantes do Campo da Coruña. O coro Toxos e Froles de Ferrol tamén realizou numerosas colaboracións coa SAPG.

Destaca a exposición celebrada en 1928 dos augafortes de Goya, conferencias, bailes, etc.

A entidade dispoñía dunha pequena biblioteca, subscrita a xornais e revistas como El Correo Gallego, Mundo Gráfico, Vida Gallega ou El Pueblo Gallego. Bello Piñeiro daba clases de pintura e Juan Alvariño de matemáticas. Como conferenciantes pasaron polos seus locais, Seijo Rubio, Rof Codina, Santiago Montero, Otero Pedrayo, e Santiago de la Iglesia. No preámbulo dos seus primeiros Estatutos escritos a man por Bello Piñeiro di:

"Esta sociedade radica no porto do Seixo, pobo de 1103 habitantes, enclavado nun dos máis fermosos paisaxes da baía ferrolá. Aspira a ser unha institución ao estilo de tantas outras creadas no estranxeiro, co fin de conservar con agarimo a beleza das paisaxes, salvando os lugares máis bonitos do afeamento causado polas esixencias da vida ordinaria, mellorándoos e coidándoos para que sexan á maneira de oasis para os que se sintan abruados polas actividades da vida moderna ou simplemente para que os amantes do campo poidan atopar un remanso de grato sosego".

Como se pode ver todos os desexos da sociedade enfocábanse cara o campo de Beiramar, tamén chamado O Plantel, xa que alí se plantaron moitas árbores e plantas, como queda reflexado na prensa da época con motivo das festas da árbore de 1928 e anos sucesivos.

O movemento cultural dentro da Sociedade foi moi importante. Teruca Bouza, integrante do grupo de teatro, traduciu ao galego a obra de Moliere, "Médico a paus" e outra integrante da biblioteca pasou a castelán un libro de preitos do Concello de Mugardos. Un grupo representaba fragmentos de zarzuela.



Teruca Bouza e Juana Menéndez

Este foi o camiñar da Sociedade nos 5 ou 6 primeiros anos da súa historia, pois en 1933, e debido a unha interpretación dos Estatutos, aínda que eu creo que foi mais ben por motivos políticos, a SAPG divídese en dúas entidades distintas. Así foi como xurdiu a Irmandade da Paisaxe Galega, dirixida por Bello Piñeiro, aínda que oficialmente non chegou a inscribirse no goberno civil. Esta sociedade era moito máis activa que a SAPG, pois contaba entre os seus integrantes con máis mocidade.

Realizaron numerosas actividades culturais e deportivas, destacando entre estas últimas a organización dunha carreira pedestre ou unha exposición de crisantemos. O seu local estaba situado na Marina, o cal era un antigo bar e salón de baile, ao que denominaron Lar. Anos despois, o Lar, convertiuse no centro da vida cultural e recreativa do Seixo ata os anos setenta.



La Marina, local social da S.A.P.G. dende 1935 a 1970

Pola poboación de O Seixo, non se podían permitir manter dúas sociedades, e así, a comezos de 1936, a SAPG e a IPG xúntanse e forman as Sociedades Reunidas de Seixo, de efémera existencia, pois o golpe de estado de xullo dese ano, trae consigo a súa disolución.

Segunda etapa (1941-1972)

A sociedade recomponse en 1943 despois de intentalo a finais de 1939. O 17 de xaneiro de 1943, comeza a funcionar no local da Marina baixo a presidencia de José Malvar, que sería Presidente noutras ocasións. Continúan as representacións teatrais e os bailes e participando nunha homenaxe a Ramón Franco. Baixo a presidencia de Tomás Bouza, en 1957 comeza o recheo de Beiramar, pensando na construción dun local social.

No ano 1965 dase por finalizado o recheo, logo de numerosas colaboracións persoais e de organismos oficiais.

Nos anos seguintes, debido ao esforzo para rematar o recheo, a SAPG tivo dificultades económicas, o que fai diminuír as actividades. En 1968 proxecta facer en Beiramar unha pista e un campo de deportes, que terá que agardar ata os anos 80 da man da comisión de festas.

En 1974, a sociedade carece de voluntarios para a xunta directiva. Finalmente fórmase xunta reitora con Jesús Gómez de presidente. Abandónase a Marina e instálase na antiga escola unitaria. Intégrase na rede de teleclubes e impulsa actividades recreativas e deportivas, aínda que poucas culturais, pero a semilla estaba botada.



Directiva da S.A.P.G. en Beiramar: Bayolo, Torrella, Andrés Souto, Anca, Camilo e Espada



Directiva da S.A.P.G. anos 80



Filgueira Valverde asinando no libro de honra da S.A.P.G.

Baixo a presidencia de Antonio Piñeiro, en maio de 1981 iníciase a construción do local social na parcela da antiga escola. A primeira fase do local, con sótano e piso cunha moderna cafetería, inaugúrase en xullo de 1982.

Ao ano seguinte (1983), comézase a segunda fase e o salón de actos ábrese ao público en decembro de 1984. Nesta época organizáronse novas actividades como por exemplo a travesía a nado O Seixo-Ferrol ou o Premio Ciclista do Seixo.

Pouco a pouco, chegamos aos últimos anos, nos que ao que isto escribe, lle tocou vivir directamente a vida da sociedade, primeiro como responsable da comisión do Centenario Bello Piñeiro, que trouxo a personalidades importantes da cultura galega como Isaac Díaz Pardo ou Tomás Barros, e posteriormente como Presidente da mesma ata o ano 1996.

Visitan a SAPG os maiores representantes da cultura galega, Carlos Casares, Filgueira Valverde, e Xesús Alonso Montero, os mellores grupos de teatro profesionais e afeccionados de Galicia, bandas, corais, grupos folk, e orquestras.

Desde hai máis de trinta anos, o grupo de Teatro Teruca Bouza, leva o nome do Seixo por toda Galicia e organiza dende os anos 90, as Xornadas de Teatro en Galego.

No seu local se presentaron numerosos libros, adicados a O Seixo, Bello Piñeiro e Realizáronse ademais nos anos 2018 e 2019 as ceas de Rosalía e presentáronse libros outros temas de interese.

Esta é brevemente, a historia da Sociedade Amigos da Paisaxe Galega do Seixo, que dentro de moi pouco cumprirá os cen anos, esperando que dentro doutros cen, se poida continuar escribindo a súa historia.



Carlos Casares, Mafi Sixto e Jorge Gómez (Presidente da sociedade)

O noso patrimonio "Os lavadoiros"

JUAN FERNANDEZ



Os lavadoiros, os antigos rios de lavar, confidentes silenciosos das nosas nais e avoas, estanse a converter en pantasma do tempo, devorados polas silveiras, derruídos pola chuvia e o vento, esquecidos.



Os recordos da miña infancia comezan coas primeiras letras na escola do Penedo, os xogos na rúa, os partidos de fútbol no campeiro de Chelo, e a miña nai baixando tódolos días co molido na cabeza e o balde enriba cara o “rio de Esteirón” para lavar a roupa, e como miña nai tódalas mulleres da aldea.

Nos duros días de inverno as mulleres tiñan que percorrer grandes distancias para chegar aos lavadoiros (Esteirón, A Barca, ou Noville), lavar e aclarar a roupa durante horas soportando vento, frío, chuvia, e logo o reuma pegábase aos osos e xa non se quitaba en todo o ano.

O lavadoiro era un lugar de encontro das mulleres, que eran as que ían lavar a roupa; aproveitaban este tempo ademais de lavar e tender, para facer “vida social”. Calquera acontecemento ou suceso que ocorría na parroquia era comentado, debatido e moitas veces posto a clareo.

Ao redor dos lavadoiros xurdiron innumerábeis historias e lendas populares. Unha destas lendas fala de que hai moitos anos, cando non había lavadoiro e as mulleres tiñan que la nun regato no Esteirón, unha rapaza moi fermosa de nome Maruxa, mediado o mes de xuño morreu de súpeto mentres poñía a roupa a clareo. Recordo que miña nai sempre me dicía que nas noites do mes do San Xoán esta fermosa rapaza volvía do outro mundo, e que si te achegabas ao Esteirón, a carón do lavadoiro, podías vela cantando un

improvisado Alalá tendendo a roupa. Tiñas que achegarte ás caladiñas porque si se decataba que estabas alí, desaparecía.

Non sei si porque quedaba lonxe da miña casa, ou polo medo dos meus 7 ou 8 anos, o certo é que nunca me acheguei ao lavadoiro de noite a comprobar, si o que contaba miña nai era certo ou unha lenda popular.

En Mugar dos temos dúcias de lavadoiros espallados polas parroquias, e de todos e cada un deles podíamos aprender unha historia, unha lenda. Non temos espazo suficiente neste artigo para falar de todos eles, pero vaia como mostra das fermosas historias que teñen para contar, esta do lavadoiro do Esteirón.

”

Nas noites do San Xoan, Maruxa volvía do outro mundo ao Esteirón, e mentres tendía cantaba un Alalá.



Lavadoiro do Esteirón, hoxe desaparecido polo paso da autoestrada cara a Reganosa.



Lavadoiro de Bernardina (Roibeiras). Foto do ano 2012.

Si nos deixamos levar pola curiosidade e damos unha volta por calquera lugar do noso Concello, ao observar estas construcións podemos decatarnos de como se fixeron os primeiros lavadoiros, os materiais que se empregaban, e como foron mellorando a medida que foron pasando os anos.

Os nosos devanceiros construían lavadoiros moi sinxelos; se aproveitaba calquera lugar onde houbera auga, como por exemplo un pequeno regato, rodeaban unha zona con terróns. Unha pedra lisa apoiada nos terróns abundaba para ter xa un lavadoiro onde poder lavar as roupas.



Lavadoiro da Pita (O Baño). Foto do ano 2004.

Tomando como referencia esas construcións tan sinxelas como eficaces, os lavadoiros foron evolucionando co paso do tempo. En ocasións os propios veciños melloran os lavadoiros primitivos, comparten os gastos

na compra do material necesario para a súa rehabilitación ou mellora, e por suposto, a man de obra a conta da veciñanza. O lavadoiro da Pita feito con material de granito é un claro exemplo de cooperación veciñal.



En moitas ocasións os propios veciños melloraban os lavadoiros, compartindo gastos dos materiais e a man de obra.



Comporta no lavadoiro de Boado (O Seixo).

O século XX encheu as vilas, aldeas e ata os lugares máis afastados de lavadoiros públicos que melloraron os antigos lavadoiros descubertos e rudimentarios. A cubrición con teitos dos mesmos permitiu que as mulleres que acudían a eles se resgardaran da chuvia mentres lavaban as súas roupas.

Estas novas construcións eran de forma rectangular e o teito a dúas augas. Algúns tiñan unha comporta que servía para regular a entrada e saída da auga según fora necesario. En inverno, en tempo de choivas se abría a comporta, e en verán co tempo de seca pechábase para aproveitar a pouca auga que chegaba ata o lavadoiro.



Lavadoiro de Boado (O Seixo). Foto do ano 2008.



Lavadoiro de Noville na parroquia de Franza. Foto do ano 2008.

Camiónando cara ó Seixo moi preto do xacemento de Noville agárdanos o lavadoiro do mesmo nome, de construción rectangular pero cunha diferenza significativa respecto o visto ata agora, a súa cuberta é plana e atópase asentado sobre 6 piares.

E máis que orixinal podemos considerar o fermoso lavadoiro situado en Xuncedo, construído no canle do río Ba. De figura rectangular, pero cun teito diferente a catro augas cunha cuberta de tella. Dous canos de 2,04 metros que facilitan a entrada e a saída da auga no lavadoiro.



Lavadoiro de Xuncedo (O Seixo). Foto do ano 2008.

Hoxe en día contemplamos impasibles o progresivo deterioro dos nosos lavadoiros tradicionais e doutros elementos patrimoniais do noso pobo. Por iso, o acondicionamento e mellora de todos eles é máis que urxente. Se non actuamos agora, dentro de poucos anos gran parte do Patrimonio Etnográfico galego será totalmente irrecuperábel.

Deberíamos de tomar exemplo doutros concellos que están a acondicionar, recuperar, mellorar e divulgar o seu variado e fermoso Patrimonio.

Os alumnos dun colexio de Sober, desenvolveron unha actividade educativa diante dun lavadoiro para coñecer máis sobre o seu Patrimonio.




Os lavadoiros xunto con outros elementos patrimoniais forman parte do entorno, da paisaxe, da historia da Galiza.



Alumnos dun colexio de Sober nun lavadoiro público

O Concello de Sada rehabilitou fontes e lavadoiros públicos que estaban en abandono total, e posteriormente presentou na Casa da Cultura un documental titulado "Fontes e Lavadoiros no Concello de Sada".

O Concello de Cedeira recuperou varios lavadoiros públicos. O ANPA, O BECO, do IES Punta Candieira, elaborou o "Inventario de Fontes e Lavadoiros" xunto con alumnos, docentes e veciños.



Inventario de Fontes e Lavadoiros en Cedeira

O Concello de Brión inviste 53.000 euros na recuperación de trinta lavadoiros, cinco fontes e dous muíños.



Lavadoiro no Concello de Brión



Muíño rehabilitado no Concello de Brión

O Concello do Carballiño recupera 50 lavadoiros e fontes nas parroquias.



Fonte no Concello de Carballiño



Lavadoiro rehabilitado no Carballiño

Podiamos seguir nomeando moitos máis concellos que están a facer unha extraordinaria labor de recuperación do seu Patrimonio, pero os exemplos aquí amosados, son máis que dabondo.



Dende a **Asociación Cultural Apelón Educación** queremos comezar unha campaña de sensibilización para que os representantes municipais tomen a iniciativa de recuperar, acondicionar e inventariar o patrimonio material do noso Concello como os lavadoiros, os hórreos, as fontes, os cruceiros, os muíños, os Castros.

Queremos o **PATRIMONIO VIVO** NON MORTO



Horreos na Galiza



Cruceiro de Mehá



Fonte Nova (A Barca)



Horreo abandonado



Fonte do Loureiro



Vila romana en Noville



Lavadeiro na Redonda deAbaixo



Muiño da Pita

**Que non queden no esquecemento,
DEPENDE DE TODOS NÓS**



As fontes empregadas, para atopar información foron:

- Coñecer os lavadoiros tradicionais da man de rosalia de Castro (C. Sober)
- Fontes e Lavadoiros no Concello de Sada.
- Inventario de Fontes e Lavadoiros do Concello de Cedeira.
- Brión inviste 53.000 euros na recuperación de 30 lavadoiros, 5 fontes e 2 muiños.
- O Concello carballiñes recupera 50 lavadoiros e fontes.
- Hórreo galego - Wikipedia, la enciclopedia libre.
- Horreos abandonados na costa da morte- La voz de Galicia.
- Castro de Sta. Tecla.

SUXESTIÓNS LECTORAS

Historia de Mugar dos

Juan A. Carneiro Rey, Miguel A. Rodríguez Vázquez.
Instituto De Comunicación E Investigacións Sociolóxicas.

Un libro no que coñecerás tanto da nosa historia dende a Idade de Ferro á actualidade que non te quedará outra que mirar a túa vila con outros ollos. Comprenderás que a realidade non é unicamente o que se pode ver, senón tamén o que outros ollos viron antes que nós. Non é fácil de conseguir, pero preguntando na biblioteca e no concello seguramente poderán poñervos sobre a pista dun exemplar.

Poesías

Rosalía de Castro. Edicións do Patronato.

Edición preparada pola Cátedra de Lingüística e Literatura Galega da Universidade de Santiago en 1972, nota editorial por Ricardo Carvalho Calero. Cantares gallegos, Follas novas, En las orillas del Sar, cos prólogos e notas da autora.

La madre de Frankenstein

Almudena Grandes. Tusquets Editores

En 1954, o mozo Germán Velázquez, psiquiatra, regresa do exilio para traballar no manicomio de mulleres de Ciempozuelos. Alí volve a encontrarse con Aurora Rodríguez Carballeira, ferrolá, muller increíblemente culta e intelixente pero tamén parricida paranoica. Alí coñece a unha auxiliar de enfermaría, María Castejón. Partindo de feitos reais, Almudena Grandes describe un país humillado, onde os pecados se converten en delitos, e o puritanismo, a moral oficial, encobre todo tipo de abusos.

Infamia

Leticia Costas. Xerais

Unha novela aditiva cun final que non te vai deixar indiferente. Canta ruindade cabe nunha vila pequena onde todos se coñecen? Que foi das pequenas irmás Giraud que levan 25 anos desaparecidas?. Emma Cruz, avogada e profesora de Dereito Penal chega a vivir a Merlo, unha vila que non é tan tranquila como parece.

As pitas baixo a choiva.

Ricardo Carvalho Calero. Ed Embora.

As pitas baixo a choiva é un relato breve que narra un feito anecdótico da infancia do autor. Descubre o neno desde a fiestra da casa que as pitas estanse a mollar e el téntaas facer entrar ó galiñeiro; elas asústanse e, ao final, todos os membros da familia acaban mollados como pitos.

A historia dos bonobos con lentes

Adela Turín. Tras os montes

Bonobos e bonobas tiñan un estatus moi desigual na fraga onde vivían todos xuntos. Eles comían o que elas recollían; eles viaxaban, aprendían e modernizábanse pero non aceptaban que elas tamén evolucionaran e burlábanse do seu aspecto. Tiñan a errónea teoría de que a educación e o progreso do grupo enteiro era prexudicial; ata que as bonobas cansaron de aturar ese comportamento tan egoísta.



“É absolutamente vital manter un acceso fácil á cultura. Temos os medios para relacionarnos coa historia, coas culturas do pasado e coas culturas do presente... e ver como a xente dos últimos dous millóns de anos abordou grandes retos, retos de saúde e doutro tipo e saíu vitoriosa.

As crises ao longo da historia levaron a novas formas de desenvolvemento. A cultura axuda a converterse en persoas máis completas e informa sobre o mellos xeito de relacionarse cos demais. Pero, por riba de todo, ofrécenos o alento de ver como a xente do pasado e a xente doutras partes do mundo afrontaron estes momentos tan difíciles.” Hartwig Fischer, director do museo británico.

Empezamos un ano coas mesmas rutinas de todos os anos e en dous meses encontrámonos no medio dunha burbulla de medo e soidade, buscando desesperadamente información e formas de comunicación fiables. Pasaron catro meses, saímos como poidemos e quedánnos unhas preguntas pendentes, que non son novas, pero que a situación pasada e a “nova realidade” fan que nolas plantexemos máis que nunca.

- Que actividade realizou a nosa biblioteca durante estes meses de pandemia?
- Para cando queda a súa presenza activa en rede?
- Cales son as previsión de apoio á cidadanía e moi especialmente aos estudantes de volver plantexarse esta situación?
- Cal é o aforo da actual biblioteca? Qué servizos ofrece e en que condicións?
- Mugar dos debece por un local digno onde desenvolver actividades culturais e cun mínimo espazo anexo ao aire libre para reunións máis informais, estase isto plantexando dende o concello?
- Había un proxecto de biblioteca que o goberno actual desestimou, cal é o novo proxecto?
- E co Zárate, que se vai facer?



www.facebook.com/apeloneduccion



@ApelonEducacion



apeloneduccion@gmail.com



<https://apeloneduccion.wordpress.com>



Rede do
Patrimonio
Cultural



Concello de
Mugar dos



Deputación
DA CORUÑA